Territorios a examen II.
Interpretando los procesos de cambio

Territorios a exame II.
Interpretando os procesos de cambio



**Edición a cargo de** Rafael Crecente Maseda Urbano Fra Paleo

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA publicacións La presente publicación recoge una selección de los Trabajos Fin de Máster realizados en el contexto de la segunda edición del Máster Universitario en Gestión Sostenible de la Tierra v del Territorio (MTT) de la Universidad de Santiago de Compostela impartido en la Escuela Politécnica Superior y el Instituto de Investigación en Biodiversidad y Desarrollo Rural (IBADER) del campus de Lugo durante el curso 2011-2012. Los capítulos del libro son una selección de aquellos trabajos que los editores consideramos de mayor calidad y relevancia, tanto para mostrar los conocimientos y destrezas adquiridas por los estudiantes en los estudios realizados, como por su contribución a una mejor práctica de la ordenación territorial en Galicia. Este doble objetivo responde a la pregunta ¿por qué un Máster en Gestión de la Tierra y el Territorio (MasterTerra) en Galicia impartido en una escuela de ingeniería y un centro de investigación?

## Territorios a examen II

Territorios a exame II

## CURSOS E CONGRESOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Nº 221

## Territorios a examen II Interpretando los procesos de cambio

## Territorios a exame II Interpretando os procesos de cambio

Edición a cargo de RAFAEL CRECENTE MASEDA URBANO FRA PALEO

> Prefacio de RAMÓN VILLARES

2013 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



This work is under a Creative Commons BY-NC-SA 3.0 license.

Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-SA 3.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license by clicking on the following link:

You can access the full text of the license by clicking on the following link

http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/



Esta obra se encuentra bajo una licencia Creative Commons BY-NC-SA 3.0.

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-SA 3.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley.

Puede acceder Vd. al texto completo de la licencia haciendo clic en este enlace:

http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.es



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, agás excepción prevista pola lei.

Pode acceder Vd. ao texto completo da licenza premendo nesta ligazón:

http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013

#### Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico Campus Vida 15782 Santiago de Compostela http://www.usc.es/publicacions

**DOI:** http://dx.doi.org/10.15304/cc.2015.7

# Índice

Prólogo	7
Гегга a Nosa? Ramón Villares	9
Cambios na cuberta do solo na comarca da Terra Chá antes e despois da entrada de España na CEE <i>María José Enríquez e Eduardo Corbelle</i>	15
As casas de labranza galegas, pasado ou futuro? Un estudo de caso na parroquia de Trasliste Marcos Vázquez e María do Mar Pérez-Fra	45
Clasificación de los usos del suelo en una zona rural con datos lidar multitemporales Sandra Buján, Eduardo Corbelle y David Miranda	61
La agricultura urbana en Lugo Patricia Gil y Andrés Manuel García	85
Marco normativo e institucional para el LBSAP de la ciudad de Lugo Patricia Sánchez, Urbano Fra.Paleo y Andrés Manuel García	101
Biodiversidad y servicios ecosistémicos para el plan estratégico de biodiversidad de la ciudad de Lugo Laura García, Urbano Fra.Paleo y Andrés Manuel García	125
Estudio multitemporal de la superficie ocupada para la cría de camarón en el Golfo de Fonseca, Honduras Óscar Juela Sivisaca, Eduardo Corbelle Rico y Miguel Cordero Souto	149
Escenarios de risco de inundación nas chairas do Río Sar en Bertamiráns <i>Alba M. Devesa e Urbano Fra.Paleo</i>	163
Integración de fotogrametría UAV y TLS para el modelado tridimensional de la ciudad hispano-musulmana de Vascos (Toledo)  Alicia Cañizares y María J. Iniesto	181

## Prólogo

En tiempos de incertidumbre y creciente complejidad el Máster en gestión sostenible de la tierra y del territorio se ha empeñado en avanzar con la segunda edición apostando conjuntamente por la continuidad y la ruptura. La transdisciplinariedad de los contenidos -con profesores interactuando con actores políticos y sociales- que permita abordar y dar soluciones a la complejidad; la permanente innovación en la docencia, para motivar al alumno a ser creativo y a arriesgarse a pensar de forma diferente; el fomento del espíritu crítico para cuestionar el conocimiento establecido; y el enfoque aplicado con vistas a la traslación de las ideas a la práctica profesional y a la vida ciudadana, son ya constantes y señas de identidad abrazadas por el máster.

El máster se ha reconvertido en Masterterra, haciendo más visible y destacado el concepto central, la sustancia de estudio e investigación. Se apunta a la tierra como elemento aglutinador de las dimensiones sociales, ambientales, económicas y tecnológicas del territorio, y éste como objeto de la planificación.

En este año se ha mantenido y reforzado la dimensión internacional a través de la cooperación con Ecuador, con antiguos estudiantes que han iniciado su práctica profesional a su regreso y nuevos estudiantes que cursan el programa. En el contexto del programa Erasmus un grupo de estudiantes han realizado prácticas de campo en el parque natural de Strofylia-Kotychi (Grecia) -un humedal costero y bosque mediterráneo de pinos- conjuntamente con alumnos de otras universidades europeas como van Hall Larenstein University of Applied Sciences (Holanda), University of Patras (Grecia) y European University of Tirana (Albania). Esto ha permitido el intercambio de experiencias y puntos de vista para compaginar la conservación ambiental con la gestión forestal en un ecosistema complejo.

Uno de los objetivos de Masterterra es trasladar los resultados más tangibles del máster a la sociedad y el mundo académico. Este volumen recoge algunos trabajos de

investigación realizados por los alumnos como manifestación de la perspectiva aplicada adoptada en los trabajos fin de máster. Cada artículo representa el esfuerzo por interpretar los procesos territoriales, por traducir los conceptos y metodologías aprendidas, los enfoques revisados, la experiencia obtenida en el trabajo colaborativo y el trabajo de campo, apoyándose en el estudio previos, y en la experiencia y orientación de los profesores.

Este texto sigue a la edición del anterior, *Traballos de ordenación territorial*, apoyándose en los resultados, completando análisis previos e iniciando otros nuevos, explorando distintos territorios de investigación.

Además contamos con la colaboración del profesor Ramón Villares, que no sólo ha aceptado la invitación para participar como docente en el máster aportando la perspectiva histórica, sino que prologa este volumen explorando el concepto y los varios enfoques de estudio que se han adoptado en Galicia. El futuro de un territorio no se construye sobre una tabula rasa, olvidando, desconociendo o despreciando la historia, sino que los procesos del pasado condicionan fuertemente los avances y los cambios que tienen lugar.

Las nuevas ediciones del máster serán oportunidades para recoger el trabajo de los alumnos en nuevos volúmenes, para invitar a otros expertos a compartir su conocimiento, y a transferirlo por escrito a través de esta tribuna de invitados.

Masterterra ha llegado hasta aquí y hoy continúa con nuevas ediciones gracias al interés de los alumnos por este campo de estudio, a la motivación de los profesores de la USC y de los profesores invitados por transmitir el conocimiento y la motivación, y a los que dan su apoyo para que esta visión de la investigación y de la docencia continúe adelante formando una comunidad.

Rafael Crecente Maseda Urbano Fra Paleo

8

### Terra a Nosa?

#### Ramón Villares

Presidente. Consello da Cultura Galega

Dicían os vellos galeguistas formados na 'escola' do Seminario de Estudos Galegos que o primeiro paso para transformar a realidade galega era afrontar a súa análise e o seu estudo. Eles trataron de facelo mediante 'xeiras' e 'estudos de caso' que fican até hoxe como un referente intelectual. Traballaron guiados non só por razóns eruditas ou de narcisismo intelectual, senón tamén como antídoto fronte estereotipadas visións que, moitas veces desde perspectiva tan soberbia como allea, se deron de Galicia e da súa agricultura, con frecuencia desprezada por minifundista e pouco 'capitalista'. Non é cousa de entrar nestes pormenores, pero si de recoñecer que desde hai un século dispomos de institucións e de figuras que, con criterio técnico depurado, foron construíndo unha imaxe diferente da Galicia agraria. Pensemos en centros como a Granxa agrícola experimental (Monelos e Mabegondo), na Misión Biolóxica de Galicia (Pontevedra) ou no labor de veterinarios como Juan Rof Codina ou de 'arbitristas' como Valeriano Villanueva. Con moitos anos de atraso, a universidade galega tamén acabou por incorporar os estudos de carácter agrario, asentados de forma case exclusiva no campus de Lugo. Veterinarios e enxeñeiros agrónomos e de montes forman, desde os anos oitenta, unha nova xeración intelectual da que ben poderían orgullarse os técnicos e intelectuais de antes da Guerra Civil. Os cultivadores das diversas ciencias sociais, desde a economía e a antropoloxía até a historia, tamén se sumaron con entusiasmo a esta laboría interpretativa da sociedade rural galega contemporánea.

Un dos seus resultados máis sólidos é o actual grupo interuniversitario *ReVolta*, que é capaz de agrupar todas estas olladas converxentes. E, dentro desa plataforma, penso que os traballos que se dan a lume nesta publicación poñen de relevo a importancia do grupo de investigación do territorio que, comandado polo enxeñeiro Rafael Crecente, está a funcionar no campus lugués como un exemplo de grupo interdisciplinar que pretende dar solucións a un dos problemas centrais da historia de Galicia toda, como son os usos do solo e a ordenación do territorio. Nos tempos vellos da agricultura tradicional, esta ordenación era feita de modo consuetudinario ou 'orgánico', como así era tamén a propia relación das persoas co contorno físico. Nos tempos que vivimos, nos que o territorio e a explotación da terra son o resultado de complexas políticas públicas e de decisións individuais ou cooperativas, o concurso da *expertise* e da ciencia é cada vez máis imprescindible. Por iso teño para min que a proposta de levar a cabo un *MasterTerra*, isto é, un mestrado

que permita formar especialistas na xestión do territorio, debe ser saudado como unha aposta pola continuidade da mellor liña de traballo seguida polas agriculturas europeas despois da Segunda Guerra Mundial, que foi a masiva aplicación dos adiantos científicos ao proceso produtivo agrario e forestal.

Abonda con ollar os temas dos traballos que se incorporan a esta publicación, así como as orientacións seguidas para a realización de proxectos de investigación por parte dos escolantes, para se decatar desta vontade de achegar resultados precisos para o mundo rural actual, sexa no campo dos usos do solo ou da ordenación das explotacións agrarias. incluíndo unha notable atención a unha das medidas técnicas máis controvertidas dos últimos decenios, como foi a concentración parcelaria. Pero unha vez recoñecido este valor e esta aposta, eu xa non podo avanzar un paso máis, por carecer da pericia necesaria para dar unha opinión fundamentada sobre esta materia. Agradezo, non obstante, o convite para escribir estas liñas limiares, así como a oportunidade que se me brindou para expoñer perante un auditorio tan selecto a miña propia experiencia de historiador do mundo rural galego, nomeadamente no campo da propiedade da terra. Non é do caso que repita aquí os contidos da miña intervención, pero non me resisto a facer unha breve reflexión sobre as mudanzas que foron experimentando o concepto e a idea da Terra na cultura galega do século vinte.

#### Terra como referente

Nalgures dixo Ramón Otero Pedrayo que el sentía de forma íntima o comportamento da natureza en toda a súa variedade: as augas e o vento, os ciclos da vida das árbores e, por suposto, tamén os animais en estado libre (tamén chamado 'selvaxe'), por non falar das sazóns en que, con cadencia anual, se expresa de forma harmónica esa mesma natureza. Para el e para moitos dos seus colegas da xeración Nós, a natureza en canto paisaxe humanizada era un elemento esencial da identidade galega. Tamén, ao seu modo, tiveron ese sentir os rexionalistas de Cataluña na súa descuberta da paisaxe dos Pirineos e, desde logo, os intelectuais da Institución Libre de Enseñanza, que fixeron do Guadarrama e da paisaxe castelá unha 'natureza patria'. Con estas evocacións históricas quero dicir que a natureza é moito máis que un dato. Contén, nas súas formas, os vestixios da acción humana sobre o territorio e, por tanto, é unha realidade necesitada de estudo non só desde o punto de vista físico, senón tamén cunha perspectiva social e cultural.

O estudo da Terra foi durante moitos anos un eixe central da xeografía. Nos tempos en que o determinismo xeográfico era unha das ideas-forza do pensamento social dunha Europa que estaba a gobernar o mundo, a apelación á Terra fíxose moi común entre *policy-makers*, comunicadores e, mesmo, no campo académico. Entre nós, sen ter sido especialmente deterministas, a cabeceira xornalística *A Nosa Terra* foi cuñada polas

Irmandades da Fala desde a súa aparición en 1916 e a expresión '¡Terra a nosa¡' acabou por ser un dos slogans políticos máis frecuentes da Galicia de anteguerra, mesmo como saúdo privativo entre os 'irmáns' do galeguismo. A Terra como referente identitario, a Terra como marca política, a Terra como cruxol que gardaba as esencias da patria. Esta apelación ideolóxica e política foi mudando na segunda metade do século XX e, desde logo, foi perdendo aínda máis vixencia na centuria en que andamos. Os referentes ideolóxicos pasaron a ser doutro estilo, ben de carácter cultural, como a lingua, ou ben un concepto de natureza económico-político, como o atraso.

Hoxe en día, pronunciar a palabra Terra carece do poder denotativo de natureza política e ideolóxica que tivo no pasado. Non desapareceu de todo como referente etnocultural, senón que se foi convertendo nun tema de estudo e de análise técnica das dimensións organizativas e da potencialidade material aue encerran a explotación. aproveitamentos do territorio. Aínda sen estar privada dos seus vellos ecos, a Terra é hoxe case un sinónimo de patrimonio natural e de factor de produción, máis que unha marca política e, mesmo, cultural. De ser un campo privilexiado de estudo para os xeógrafos culturais e historicistas, hoxe é asunto máis atendido por biólogos e científicos experimentais, polos enxeñeiros e os sociólogos e, naturalmente, polos expertos en economía agraria..., sen deixar de estar presente unha ollada histórica, isto é, unha reivindicación do Tempo para mellor entender o Espazo. Esta apelación á dimensión histórica permite analizar con menos cautelas o papel que hoxe desempeña a Terra e unha das súas consecuencias -a pequena propiedade campesiña- na Galicia actual. Como é ben sabido, tivo lugar desde finais do século XIX un proceso de propietarización masiva que fixo de Galicia unha sociedade propiamente campesiña, despois de ser superficialmente fidalga ou fondamente monástica. Pero este resultado non foi irrelevante nin neutro, porque esta organización do espazos agrarios e da súa titularidade xurídica está a marcar as roitas do presente e do inmediato futuro. Esta é a posición que cómpre debater ao principio deste terceiro milenio. Creo que resulta necesario repensar a funcionalidade actual e futura da propiedade da terra, tal como ficou fixada pola campesinización do século pasado, na medida en que algúns dos seus resultados actúan hoxe máis como 'estorbos' que acicates para un mellor e máis sostible aproveitamento do espazo.

#### Ser donos de seu

O primeiro paso é revisar o vello concepto de propiedade e historizar as súas mudanzas. A titularidade da terra pasou por moitas fases ao longo da historia, non sendo até os tempos modernos cando se asentou a idea do 'individualismo posesivo', que levou a unha definición da propiedade como a capacidade para uso e gozo dun ben de modo excluínte. A idea

de propiedade consagrada nos códigos civís acabou por ser omnímoda e, para o caso que nos ocupa, tivo algo de valor antropolóxico, na medida en que supoñía unha expresión do individuo dentro da comunidade. Hai un cuarto de século, coordinei un libro cuxo título reflectía de forma acaída unha conduta moi firme da sociedade galega, ser Donos de seu. O que se trataba de explicar era que a ansia por ser titular privado da Terra foi un dos obxectivos máis tenazmente perseguidos pola sociedade galega desde os tempos modernos até a actualidade. A lexitimación ideolóxica e os contidos xurídicos da propiedade mudaron co paso do tempo, pero esta obsesión pola posesión da terra foi e case segue a ser unha marca identitaria de Galicia, unha pauta da súa conduta histórica. Que esta posesión da terra acabase por ser 'campesiña' e 'parcelaria' é proceso hoxe ben coñecido, pero non sempre asumido como un resultado moito máis racional e coherente cunha tradición histórica do que pensan moitos analistas, presos nos seus clixés interpretativos de desprezos respecto dos campesiños e da pequena explotación. No fondo, a previsión do marxismo clásico, desde Marx a Kautsky, que entendía a evolución da "cuestión agraria" como unha aplicación literal do acontecido na industria capitalista non foi superada de todo.

Pero o caso de Galicia -e tampouco é unha excepción no contexto europeo- amosa que hai vías moi diferentes de se achegar a unha estrutura produtiva capitalista, na que o protagonismo sexa da pequena explotación e do propietario parcelario. Este foi o gran triunfo do campesiñado galego nos tempos contemporáneos, que logrou reter a titularidade xurídica das terras aforadas e, sobre todo, individualizar con criterios de vello 'complexo agrario', que diriamos con Abel Bouhier, inmensas extensións de bens comunais ou montes veciñais e de varas. O caso galego, se algo demostra, é que a obsesión polo tamaño da finca como paradigma interpretativo do carácter dunha agricultura tiña moito de ilusión óptica. E así foi como a realidade ía desmentindo de forma sistemática as análises de gabinete ou claramente idealistas que, con raras excepcións (L. Hernández Robredo, V. Villanueva, L. Peña Novo, Cruz Gallástegui...), cuñaron un carimbo para a agricultura galega de sector 'precapitalista' e 'atrasado'. O resultado foi xustamente o contrario: que, pola vía do campesiñado parcelario, a agricultura galega acometeu unha das reformas máis profundas que se podían imaxinar, cunha abrupta desagrarización que durou entre nós a metade de tempo do que durara en moitos países europeos, como mostrou a investigación de Edelmiro López Iglesias. As mudanzas foron consubstanciais co proio ethos da sociedade rural galega, na que calquera paisano pode dar conta de como mudou durante a súa vida a paisaxe agraria do seu contorno. Por veces parece que son máis conservadores os ollos do analista que os da figura analizada.

Porén, non hai ben que cen anos dure. O que foi un triunfo do campesiñado galego como vía de acceso á modernidade e, mesmo, á incorporación ao proceso produtivo do capitalismo agrario parece

amosar desde hai uns anos evidentes síntomas de cansazo, se non de fraqueza. O que resultou ser unha solución para un 'complexo agrario' de elevada ocupación e aproveitamento do territorio, no que había varios centos de miles de pequenas e medianas explotacións agrarias de progresiva especialización gandeira e leiteira, talvez sexa agora menos funcional para un panorama en que uns poucos milleiros de explotacións agrarias poderán ser suficientes para producir de forma masiva produtos gandeiros e, en menor medida, de carácter forestal. Non habería que 'repensar' o papel da propiedade parcelaria na Galicia agraria do século XXI, cando seguen en pé millóns de titulares de fincas rústicas que contrastan coa escaseza de titulares de explotacións agrarias e mesmo forestais? Na miña opinión, penso que esta reflexión é urxente e que, por vía inversa ao que aconteceu desde finais do século XVIII, aparecen de novo certos problemas que, para dicilo á moda ilustrada, se poderían cualificar como un lastre ou 'estorbo' para un mellor e máis sostible aproveitamento do espazo rural galego.

Falar de 'estorbo' é máis unha provocación para o debate que unha certeza. Pero dalgunha forma hai que construír algunha prognose que sexa congruente coa realidade de que se parte. E esta realidade amosa con claridade que os resultados da propietarización parcelaria foron o punto final dun longo proceso histórico que gardaba a coherencia interna propia dunha civilización rural secularmente construída. Pero as mudanzas producidas desde os anos sesenta do século pasado foron transformando e deturpando aquela organización cara a unha situación de desvertebración do territorio e de bloqueos na súa xestión. Non é precisa unha pescuda moi circunstanciada para se decatar dos atrancos que supón para un aproveitamento dos antigos montes comunais a súa titularidade xurídica de individualización minifundiaria que, en certo modo, contradí os propios usos tradicionais daqueles, que eran cooperativos. E tampouco é difícil non reparar nas dificultades que supón esta fragmentación parcelaria do territorio para unha xestión máis racional e integrada del, tanto nos seus usos como nos seus aproveitamentos.

E, serían capaces unhas novas políticas públicas de organizar sobre outras bases os usos (gandeiros, forestais, urbanísticos, cinexéticos, etc.) do territorio galego, ou debemos encomendar ao mercado a función de asignar recursos e regular este relativo caos? E, sería posible lograr un grande acordo social e político para esta regulación ordenada do territorio? Son preguntas que poden e deben ter unha resposta social e política, pero que tamén esperan un parecer técnico. E estou certo de que no seo destes grupos de investigación, dos que esta publicación é unha mostra, irán saíndo propostas para encarreirar un futuro para o agro galego que, sen ficaren presas da tradición, sexan compatibles coas necesidades da sociedade actual. Necesidades que poderían ser satisfeitas con propostas algo audaces, que supuxesen unha superación de vellas estratexias do campesiñado, nas que a resistencia máis ou menos pasiva e

a individualización acordada entre pequenos parceiros foi unha solución inesperada para un gran reto histórico.

O territorio galego foi o teatro onde se representou un drama histórico que acabou por ter como principal protagonista o campesiñado. Pero esta figura histórica está hoxe en transo de desaparición e cumpriría poñerse a facer un 'retrato-robot' de quen será o seu substituto histórico, tanto en termos socioeconómicos como propiamente culturais. Se non hai campesiños, senón agricultores ou 'produtores', para que seguir mantendo a vella concepción da Terra como un referente identitario individual, excluíndo toda posibilidade de entender o espazo como un espazo de proxección comunal ou cooperativa? Daquela, para que a Terra siga sendo nosa, talvez debe deixar de estar atada a tantos milleiros de vontades individuais que, en certo modo, impiden pensar ese espazo natural tamén en termos de cidadanía e de benestar colectivo e non unicamente como un triunfo identitario de labregos fachendosos. O que habería que evitar é aquilo que os campesiños evitaron no pasado: a concentración da terra en poucas mans que hoxe en día, no canto de seren grandes propietarios, tomarían a forma de grandes empresas máis vinculadas ao 'software' da produción agraria que ao 'hardware' que supón a propiedade da terra. Procesos complexos que precisan de debates e de políticas públicas, de grandes consensos e dun respecto pola propia historia, que é a mellor maneira de a mudar, garantindo xustamente que a Terra non deixe de ser nosa, pero que o sexa doutra maneira...

Santiago de Compostela, marzo de 2013

## Cambios na cuberta do solo na comarca da Terra Chá antes e despois da entrada de España na CEE

María José Enríquez<sup>1</sup> e Eduardo Corbelle<sup>2</sup>

Laboratorio do Territorio (LaboraTe), Universidade de Santiago de Compostela

#### Resumo

Este traballo busca caracterizar a magnitude, distribución espacial e forzas motrices dos cambios de uso na comarca da Terra Chá mediante a interpretación de fotografía aérea e o Mapa de Cultivos e Aproveitamentos de España, vinculándoos coas políticas agrarias e ambientais acaecidas nos períodos 1956-1985 e 1985-2005. Os resultados revelan que os cambios introducidos pola *Revolución Verde* e as políticas agrarias de intensificación e especialización (colonización e concentración parcelaria) determinaron a especialización agraria dalgúns municipios durante o primeiro período e a diverxencia cara o abandono e a forestación dos restantes durante o período 1985-2005, impulsados polas axudas da política agraria e as directivas ambientais e conservacionistas comunitarias. O estudo das forzas motrices mediante variables explicativas mostra patróns lóxicos: as variables estruturais determinan a conversión a uso agrario e a distancia á explotación, valores extremos das variables fisiográficas e a pertenza a MVMC rexen o cambio cara o abandono ou a reforestación.

#### **Abstract**

This paper discusses the magnitude, distribution and drivers of land use change in the area of Terra Cha using aerial photography and land use maps as data sources. It seeks to identify the interaction with the agricultural and environmental policies developed during 1956-1985 and 1985-2005. Results show that changes brought by the Green Revolution and agricultural policies encouraging intensification and specialization of farming (colonization and land consolidation) determined, during the first period, which municipalities would specialize in agricultural production and which ones would diverge towards farmland abandonment and afforestation. Agricultural subsidies and policies in the later years implied a further deepening of those differences. The explanatory variables identified show that changes follow a certain logical pattern: structural variables determined the conversion to farming, while distance from the farm, extreme physiographic variables, and belonging to MVMC influenced land abandonment and afforestation.

-

<sup>&</sup>lt;sup>1</sup> e-mail: mariajose.enriquez.garcia@usc.es

<sup>&</sup>lt;sup>2</sup> e-mail: eduardo.corbelle@usc.es

#### 1. Xustificación

A consideración do espazo como unha realidade unicamente física e ambiental, ou que subordina os aspectos sociais e culturais ós fisiográficos e bioxeográficos, esborrállase ante a evidencia de que o espazo é unha construcción social. En consecuencia, a paisaxe é a pegada espacial dos cambios socio-económicos da comunidade que xestiona o recurso terra.

A idea da paisaxe como o espazo en evolución implica que, ademais das potencialidades e limitacións intrínsecas do medio físico, se deban ter en conta as forzas motrices externas que condicionan e gobernan a intervención da sociedade no territorio e nos recursos territoriais. Polo tanto, o uso da terra "...implica tanto o xeito en que os atributos biofísicos son manipulados (uso) como a intención ou propósito subxacente para o cal se utiliza a terra (políticas)..." (Turner et al., 1995). Ambos deben ser estudiados e caracterizados conxuntamente.

No caso galego, a paisaxe actual é o resultado de marcados contrastes fisiográficos, climáticos, xeolóxicos e hidrolóxicos. A isto hai que engadir factores económicos, sociais, histórico-culturais, políticos e institucionais que dende antano determinaron a estrutura fundiaria fragmentada e minifundista que, en particular, dende mediados do século XX desencadearon un proceso de desagrarización e desruralización de Galicia (Sineiro García, 2008). Dentro destes factores, a partires de 1950 identificanse dúas forzas motrices: a) a demografía en paulatino declive e o desprazamento da poboación rural ás capitais ou vilas de promoción industrial no eixo atlántico (Ferrás Sexto, 2011), e b) as políticas agrarias de especialización produtiva, tanto nun período autárquico de política agraria de acceso (potenciación da cultura agronómica e consolidación de solucións técnicas e estruturais tales como a colonización, concentración parcelaria, a transformación revolucionaria do solo (Pérez González, 2002) ou a industria forestal papeleira (Rico Boguete, 1999), como nun período democrático, case europeísta, de política agraria de prezos e de mercado común. A imbricación de ambas forzas desencadeou a perda de máis do 80% dos activos agrarios (Lorenzana Fernández, 2006) e cerca do 40% das explotacións (Corbelle Rico e Crecente Maseda, 2008) dende os anos 60. Pasouse dun modelo de produción e xestión da terra familiar en numerosas e pequenas unidades de policultivo altamente dependente das superficies de monte (mato) (Balboa López, 1990; Bouhier, 2001) a un modelo de explotacións selectas cun aproveitamento intensivo das terras máis produtivas. Este troque, acompañado dun escenario de escasa mobilidade de terras, probablemente desencadeou o abandono ou reforestación das parcelas con menor aptitude agrícola ou con deficiencias estruturais para a motorización das labores agrarias.

A investigación destes cambios en Galicia só foi realizada interesándose polas prácticas e políticas sectoriais de épocas concretas: modelo en agras

a mediados do século XX (Bouhier, 2001; Cabana Iglesia, 2008); a política de colonización franquista (Cardesín Díaz, 1987); as repoboacións do Patrimonio Forestal do Estado (Rico Boquete, 1995); os devires históricos dos Montes Veciñais en Man Común (Balboa López, 1990); a concentración parcelaria (Crecente Maseda, 1998; Miranda Barrós, 2002); a constitución en autonomía e transferencia de competencias en ordenación do territorio (Hildenbrand, 2006); os programas e reformas da Política Agraria Común (López Iglesias, 2000) con medidas tan determinantes como as axudas para o retiro dos agricultores ou a reforestación de terras agrícolas (García Arias e Pérez Fra, 2001); o Plan de Desenvolvemento Comarcal (Precedo Ledo, 1997); a lexislación de prevención e defensa contra os incendios ou o Banco de Terras que, na actualidade, apenas tiveron tempo de deixar impronta territorial dos seus efectos (Nogueira López e Sanz Larruga, 2008).

A maiores, téñense publicado múltiples estudos socioeconómicos sectoriais tomando como referente o fito temporal da entrada de España na CEE, tanto dende un punto de vista agrario debullando os datos procedentes dos distintos censos de poboación, censos agrarios ou enquisas ás explotacións (Lamo de Espinosa, 1997; Colino Sueiras, 1980; López Iglesias, 2000; Lorenzana Fernández, 2006; Pérez Fra et al., 2007; Corbelle Rico y Crecente Maseda, 2008; Sineiro García, 2008), como dende un punto de vista forestal (García Arias e Pérez Fra, 2001; Guimarey Fernández e Corbelle Rico, 2012).

Tratándose de descricións sectoriais, espacial e temporalmente puntuais e inconexas, era necesario realizar unha análise histórica e espacial continua. Nesta dirección, Corbelle Rico (2010) trazou as grandes liñas evolutivas dos cambios de uso do solo e identificou as variables estruturais e biofísicas motrices (facendo fincapé na superficie agrícola utilizada) dende mediados do século XX ata 2003 na comarca da Terra Chá.

Na cuantificación da superficie comarcal que cambiou de uso entre 1956 e 2003, xorde a data da entrada de España na CEE como posible punto de inflexión dado que as políticas de especialización na produción de leite, que xa se viñan definindo nas décadas precedentes, sufriron un forte impulso coa adhesión á Política Agraria Común. En concreto, a entrada de España na CEE prodúcese nun momento de profunda revisión da Política Agraria Común a raíz da presión exercida polos EE.UU. dentro da Ronda Uruguay do GATT e do elevado custo interno de sostemento de prezos das producións excedentarias (Ramon i Sumoy, 2007). Así, a Reforma MacSharry de 1992, a parte de propor a redución dos prezos de intervención para acercalos a prezos internacionais e de establecer os pagos directos, incluíu as chamadas medidas de acompañamento, cunha alto impacto nos usos do solo en Galicia: a promoción da extensificación

produtiva<sup>3</sup>, o cese de explotacións e abandono de parcelas<sup>4</sup> e a reforestación de terras agrícolas<sup>5</sup>.

A elas habería que sumar os efectos sinérxicos doutras políticas ambientais europeas, nacionais e autonómicas: Lei 10/1985, de 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia; a Lei 55/1980, do 11 de novembro e a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común; o Plan Forestal de Galicia de 1992 ou a Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da lei do solo a Galicia, entre outras moitas.

#### 2. Obxectivos

A propósito de constatar a hipotética repercusión da entrada de España na Unión Europea no proceso de intensificación e especialización produtiva iniciada nos anos sesenta, proponse estudar o cambio de usos dende mediados do século XX ata a actualidade na comarca da Terra Chá cunha análise multitemporal da fotografía histórica –mediante fotointerpretación- que permita distinguir os procesos nos períodos 1956-1985 e 1985-2005. En particular, trátase de analizar a magnitude, a dirección e a distribución espacial dos cambios de uso da terra acontecidos, así como de proporcionar coñecemento acerca das forzas motrices mediante variables biofísicas e estruturais explicativas, diferenciando resultados antes e despois da década dos oitenta.


Respecto da comarca de estudo, a Terra Chá é un caso paradigmático pois, partindo dunha paisaxe tradicional en agras (Bouhier, 2001), centrou moitas das políticas agrarias habidas nos dous períodos considerados (1956-1985 e 1985-2005): proxecto de colonización (Matodoso, A Espiñeira, Arneiro e Veiga do Pumar), establecemento da Comunidade de Regantes da Terra Chá, procesos de concentración parcelaria, axudas á especialización produtiva en gando de leite e forraxes e declaración dunha das primeiras Zonas de Especial Interese Agrario.

.

<sup>&</sup>lt;sup>3</sup> Regulamento CEE 2078/92 do Consello de 30 de Xuño, sobre métodos de produción agraria compatibles coas esixencias da protección do ambiente e a conservación do espazo natural

<sup>&</sup>lt;sup>4</sup> Regulamento CEE 2079/92 do Consello de 30 de Xuño, polo que se establece un réxime comunitario de axudas á xubilación anticipada na agricultura.

<sup>&</sup>lt;sup>5</sup> Regulamento CEE 2080/92, do Consello de 30 de xuño, polo que se establece un réxime de axudas ás medidas forestais na agricultura



**Figura 1.** Situación, división municipal e modelo dixital do terreo da comarca da Terra Chá.

Por outra banda, a comarca presenta un contraste orográfico (Abadín e Muras máis montañosos que o resto de municipios da planicie) e socioeconómico notables (Vilalba, capital comarcal, e Begonte, onde a poboación activa agraria rolda o 15% mentres que nos restantes municipios representa o 30% da poboación activa (IGE, 2010)) que permitirán constatar diverxencias produtivas e identificar variables chave dos concellos segundo esta diferente caracterización.

#### 3. Material e métodos

#### 3.1. Materiais

As principais fontes de datos empregadas foron:

- Ortofoto do voo americano (Serie B) 1956-57. Ademais do detalle da escala -1:33.000- ten aspectos relevantes relativos á data de obtención, coincidente coa aprobación en 1956 da primeira lei do solo estatal española (1956-2007), e de describir a situación previa ó milagre económico español dos anos sesenta.
- Ortofoto do voo xeral de España 1984-85. Esta fonte proporciona unha calidade similar á anterior (escala 1:30.000) e ten unha relevancia particular xa que aporta unha visión do territorio anterior á incorporación de España á Unión Europea (1986) e ós cambios que a Política Agraria Común (PAC) provocaría en España e, moi especialmente, en Galicia.

- Mapa de Cultivos y Aprovechamientos de España de 2000-2010. Foron producidos polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (MARM) a unha escala nominal 1:50.000 a partir do Sistema de Información da Ocupación do Solo de España (SIOSE) a escala 1:25.000 (de aí que o grao de detalle e calidade sexa superior á nominal). Ao ser realizado a partir do SIOSE supón que a orixe da fotografía aérea corresponde a 2005. Só está dispoñible en formato dixital para visualización e consulta no Sistema de Información Xeográfico do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente<sup>6</sup>
- A base de datos de variables biofísicas e estruturais (Táboa 2) foi elaborada a partir de: cartografía do Centro Nacional de Información Geográfica (altitude, pendente, orientación e radiación solar), da Infraestrutura de Datos Espaciais da Administración Lucense (distancia a entidades, distancias a edificacións e distancia a vías), do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (superficie total, índice de forma e adxacencia a cursos de auga), da Axencia Estatal de Meteoroloxía (temperatura e precipitación) e do Laboratorio do Territorio (porcentaxe de superficie parroquial concentrada e pertenza ou non a zonas de colonización ou Montes Veciñais en Man Común).

Os programas utilizados para o tratamento dos datos xeográficos foron ESRI® ArcMap™ 9.3. e GRASS (GRASS Development Team, 2008) e a análise estatística fíxose con R Project for Statistical Computing v2.10.1 (R Development Core Team, 2008).

#### 3.2. Metodoloxía

As fases seguidas na análise foron tres: a) mostraxe de puntos e fotointerpretación das imaxes, b) tratamento de datos para a caracterización estática do uso do solo en cada fito temporal e caracterización das direccións de cambio para cada un dos dous períodos e c) axuste de modelos explicativos dos cambios de uso acontecidos en base ás variables biofísicas e estruturais consideradas.

#### 3.2.1. Mostraxe e fotointerpretación

Sobre as fotografías do voo da Serie D (1984-1985) fíxose unha mostraxe aleatoria estratificada con afixación proporcional respecto da superficie municipal tomando como base unha malla cadrada de 500 m de lado na que cada punto podía ser obxecto de clasificación. Resultaron 2638 puntos de mostraxe.

-

<sup>&</sup>lt;sup>6</sup> http://sig.magrama.es/siga

Unha vez identificados os puntos de mostraxe, superpuxéronse ás ortoimaxes e debuxouse unha parcela circular de 12 metros de diámetro en torno a cada punto na que se fotointerpretou visualmente a cuberta maioritaria existente. Para a fotointerpretación adoitouse unha clasificación simple con catro grandes clases: a) superficie agrícola (terra arable, prados e pasteiros), b) mato, c) arborado e d) improdutivo, incluíndo este último a todas aquelas cubertas do solo diferentes das anteriores, tales como masas de auga, vías, edificacións, canteiras ou solo nu.

Para a caracterización no período 2004-2005, a asignación do uso a cada punto foi realizada de xeito automático a partir do Mapa de Cultivos y Aprovechamientos de España (MCA). Unha vez identificado o uso segundo a lenda do MCA, as clases de cobertura reclasificáronse de acordo coas clases simples de fotointerpretación adoitadas (Táboa 1).

**Táboa 1.** Reclasificación da lenda do Mapa de Cultivos y Aprovechamientos (MCA) en catro categorías básicas.

Lenda MCA 2000-2009	Clase simple
Asociación de coníferas e frondosas	
Asociación de coníferas e eucalipto	
Eucalipto	Arborado
Chopo e álamo	Arborado
Coníferas	
Outras frondosas	
Frutais en secano	
Regadío	
Labor secano	Superficie
Prados naturais	agrícola
Pastizais	
Viñedo en secano	
Mato	Mata
Pastizal-matorral	Mato
Improdutivo	Improdutivo

#### 3.2.2. Distribución de usos e matrices de cambio

A caracterización comarcal e por termos municipais dos usos do territorio nos tres períodos (1956, 1985 e 2005) foi feita a partir da porcentaxe de puntos como estimación da porcentaxe de superficie ocupada por cada unha das clases de uso establecidas (superficie agraria, arborado, mato e improdutivo). Os valores acompáñanse dos intervalos de confianza calculados de acordo coa proposta de Goodman (1965) para unha distribución multinomial.

Os cambios acontecidos entre 1956-1985 e 1985-2005 preséntanse en sendas matrices de cambio como comparación das cubertas identificadas en cada punto a comezos e final de cada período (Táboas 8 e 9). As cifras na diagonal representan a porcentaxe de puntos que non mudaron de cuberta. Os valores restantes representan o cambio dende a clase da fila á clase da columna.

#### 3.2.3. Axuste de modelos explicativos

A análise dos cambios acontecidos complétase coa análise de correlación entre as proporcións de cambio obtidas e un conxunto de variables seleccionadas (Gellrich et al., 2007; Overmars et al., 2007; Serra et al., 2008) que permitan caracterizar as zonas nas que os cambios tiveron lugar. A metodoloxía proposta ten un obxectivo descritivo, pretende dilucidar as variables motrices de maior significación sobre pautas de cambio observadas. En ningún caso, o axuste busca obter funcións que proxecten ou estimen tendencias de cambio segundo a localización.

#### Selección de variables

As variables explicativas utilizadas son de varios tipos: fisiográficas, climáticas e relativas á estrutura do parcelario (Táboa 2). A metodoloxía proposta baseada na mostraxe de puntos en tres períodos temporais distintos fai difícil incluír no axuste variables demográficas e socioeconómicas, a pesar da súa influencia nos cambios acontecidos, por dúas razóns: a) existe un desfase temporal de magnitude descoñecida entre os cambios socioeconómicos e a súa manifestación na variación da cobertura do terreo (Gellrich et al., 2007) e b) en xeral, os datos non están dispoñibles coa desagregación espacial necesaria (a menor escala dispoñible é a escala municipal).

As variables seleccionadas para levar a cabo o axuste de modelos foron sometidas a unha análise de correlación cunha dobre finalidade: operativa, co obxectivo de reducir o número de variables a manexar, e de fiabilidade, pois a existencia de correlación afecta negativamente á significación dos coeficientes resultantes do axuste (García Pérez, 2008).

**Táboa 2.** Variables biofísicas e estruturais empregadas no axuste de modelos explicativos.

#### Fisiográficas

Altitude (m)

Pendente (%)

Orientación (°)

Linde ou adxacencia con cursos de auga (V/F)

#### Climáticas

Precipitación anual (mm)

Precipitación estival (mm)

Temperatura media anual (°C), índice climático de Emberger ou índice pluviométrico

Temperatura media das mínimas do mes máis frío (°C)

Temperatura media das máximas do mes máis quente (°C)

Radicación solar teórica no solsticio de verán (Wh/m²)

Radicación solar teórica no solsticio de inverno (Wh/m²)

Índice climático de Emberger ou cociente pluviométrico (Q):

$$Q = (100 \cdot P) / [2 \cdot (T_1 + t_1) / 2 \cdot (T_1 - t_1)]$$

Onde: P = precipitación anual (mm),  $T_1$  = temperatura media das máximas do mes máis quente (°C) e temperatura media das mínimas do mes máis frío (°C)

Índice de aridez ou índice de Giacobbe (G):

$$G = (100 \cdot P) / T_1 \cdot (T_1 - t_1)$$

Onde:  $P = precipitación anual (mm), T_1 = temperatura media das máximas do mes máis quente (°C) e temperatura media das mínimas do mes máis frío (°C)$ 

#### **Estruturais**

Superficie total da parcela (m<sup>2</sup>)

Distancia a entidades (m)

Distancia a vivendas (m)

Distancia a outras edificacións (m): distancia a edificacións de uso non residencia que no ámbito comarcal no que se encadra o estudio se corresponderán con edificacións auxiliares á explotación

Distancia a vías de comunicación (m)

Proporción de parroquia concentrada (%)

Índice de forma da parcela:

 $\overline{\text{IF}} = 4* \text{ (Superficie total da parcela (m}^2))}^{1/2} / \text{Perímetro (m)}$ 

Linde ou adxacencia a vías de comunicación (V/F)

Pertenza a áreas de colonización do antigo INC (V/F)

Pertenza a Monte Veciñal en Man Común (V/F)

Aptitude do solo para millo: A2>A3>N1>N2 (Díaz-Fierros y Gil, 1984)

Aptitude do solo para prado: A1> A2>A3>N1>N2 (Díaz-Fierros y Gil, 1984)

Aptitude do solo para pinaster: A1> A2>A3>N1>N2 (Díaz-Fierros y Gil, 1984)

Táboa 3. Coeficiente de correlación de Spearman para as variables biofísicas cuantitativas consideradas. Resaltadas aquelas que presentan un nivel de correlación superior a 0.7.

v ariabies	O. Santo city	A 1434m do	Р.	Ъ.	$\mathbb{T}^a$	$\mathrm{T}^a$	$\mathbf{L}^{a}$	Rad.	Rad.	I.	I.
	Orientacion	Allinue	annal	estival	media	mminmt	mmaxmd	inverno	Verán	Emberger	Giacobbe
Pendente	-0,02	0,65	0,52	0,47	-0,59	0,46	0,47	-0,65	-0,01	0,46	0,43
Orientación		0,02	0,00	-0,01	-0,04	0,05	0,03	0,45	0,73	-0,01	-0,02
Altitude			0,71	0,63	-0,94	0,63	0,77	-0,28	0,04	0,60	0,56
P. anual				96,0	-0,52	0,37	0,31	-0,25	0,00	66,0	96,0
P. estival					-0,45	0,27	0,22	-0,23	0,00	96,0	1,00
Γ <sup>a</sup> media						-0,48	-0,70	0,22	-0,08	-0,40	-0,37
Γ <sup>a</sup> mminmf							0,84	-0,26	0,02	0,27	0,21
Γ <sup>a</sup> mmaxmq								-0,24	0,02	0,18	0,14
Rad. inverno									0,56	-0,23	-0,22
Rad. Verán										-0,01	-0,01
[. Emberger											0,98

Táboa 4. Coeficiente de correlación de Spearman para as variables estruturais cuantitativas consideradas. Resaltadas aquelas que presentan un nivel de correlación superior a 0.7.

			Distancia	Distancia		
Variables	Distancia entidade	Distancia vivendas	edif.	estradas	Prop. concentración	I. forma
Superficie	0,46	0,45	0,40	0,38	0,05	-0,08
Dtcia entidade		0,45	0,72	0,60	00'0	-0,12
Dtcia vivendas			0,55	0,44	-0,01	-0,13
Dist. edif.				0,65	-0,03	-0,10
E D. estradas					-0,06	-0,11
Prop. concentración						0,14

O test de Kolmogorov-Smirnov obrigou a rexeitar a hipótese de normalidade para todas as variables analizadas. Nestes casos, a análise de correlación mediante o coeficiente de Spearman é a alternativa non paramétrica ó coeficiente de correlación de Pearson.

O coeficiente de Spearman toma valores entre +1 e -1. Canto máis próximo estea a estes valores maior será o grao de correlación entre as variables. O valor umbral é de  $\pm$  0.5 para algúns autores (Millington et al., 2007) e  $\pm$  0.8 para outros (Corbelle Rico, 2010). Neste estudio o umbral estableceuse en 0.7 co obxectivo de reducir a colinealidade entre o elevado número de variables que superan e roldan dito valor sen, á vez, perder demasiada información.

Inda a risco de non contemplar posibles correlacións entre as variables biofísicas e estruturais, o estudo da mesma fíxose illadamente para un e outro grupo (Táboas 3 e 4). As variables biofísicas descartadas foron a temperatura media, a temperatura media das máximas do mes máis cálido, a precipitación estival, a radiación solar teórica no solsticio de verán e os índices climáticos de Emberger e Giacobbe; que están correlacionadas, respectivamente, coa altitude, a temperatura media das mínimas do mes máis frío, a precipitación anual, a orientación e, no caso dos índices climáticos, co resto de variables climáticas, pois son a súa base de cálculo.

De entre as variables estruturais só se prescindiu da distancia aos núcleos de poboación, mantendo a distancia a outras edificacións como aproximación da distancia da parcela á explotación máis próxima.

As variables categóricas consideráronse suficientemente relevantes como para incluílas todas no modelo de axuste, inda a risco de introducir certa colinealidade. Por exemplo, a pertenza a un MVMC ou a zonas de colonización e a porcentaxe parroquial concentrada teñen influencia suficiente sobre os cambios do uso do solo, independentemente do grao de correlación coa altitude do terreo, como para ser tidas en conta.

Entre as variables de aptitude do solo (Díaz Fierros, 1984), e pretendendo explicar como os usos ocuparon as mellores ou peores calidades, a aptitude para millo, pasto e piñeiro tamén foron incluídas na análise descritiva independentemente da súa posible correlación entre elas ou coas restantes variables fisiográficas ou climáticas.

Previamente ó axuste de modelos, as variables explicativas foron estandarizadas, restando a cada valor a media e dividindo pola desviación típica para obter coeficientes comparables entre si.

#### Axuste de modelos

Os cambios de uso do solo considerados foron a roturación de terras (paso de mato ou arborado a superficie agrícola, repoboación de terras que estaban dedicadas a mato (paso de mato a arborado), forestación de terras agrícolas (paso de superficie agrícola a arborado) e abandono ou perda de terras agrícolas (paso de superficie agrícola a mato).

Os modelos lineais xeralizados (Generalized Linear Model, GLM) son unha extensión dos modelos lineais que permiten utilizar distribucións non normais dos erros (binomial, Poisson, Gamma...) e varianzas non constantes. Este tipo de modelos teñen dúas propiedades importantes, que foron tidas en conta á hora de aplicalos (Cayuela Delgado, 2009): a estrutura de erros e a función de vínculo. A primeira define o tipo de distribución de erros probable: Gamma para coeficientes de variación constantes, Poisson para conteos e binomial para o caso de datos lóxicos (presencia/ausencia) (Morisette et al., 1999). Por outra banda, a función de vínculo encárgase de linealizar a relación entre a variable resposta e as variables independentes mediante unha transformación identidade, logarítmica, recíproca, exponencial ou raíz cadrada (Manning e Mullahy, 2001). Para variables lóxicas con erros binomiais, a función vínculo será logit (Morisette et al., 1999), e dicir, o logaritmo do cociente de probabilidades.

A aceptación ou rexeite de cada variable como explicativa (hipótese nula de coeficiente cero) fíxose mediante o test de contraste da regresión. Os estatísticos de avaliación foron o coeficiente de axuste, o erro estándar, o valor z da distribución, o *p-valor* asociado e, fundamentalmente, o nivel de significación (0.001, 0.01, 0.05 ou 0,1).

#### 4. Resultados e discusión

#### 4.1. Distribución das cubertas do solo

A fotointerpretación da cuberta do solo a partir do voo fotogramétrico de 1956 (Táboa 5) mostra un uso do territorio con fins agrarios maioritario. O mato e a superficie agrícola dominan a partes iguais e só o 7% da superficie comarcal son masas arboradas, naturais na súa maioría (sebes, bosquetes de frondosas e masas lineais de ripisilva). Estes valores coinciden co modelo de uso do solo existente: as agras (Balboa López, 1990; Cabana Iglesia, 2008; Calvo Iglesias, 2010 ). A dependencia agrícola do mato como adubo convertíao nun cultivo máis, de aí a importancia desta cuberta do solo nesta época. Ademais, as extensas masas de brezais húmidos e turbeiras de cobertor no norte da comarca (Serra do Xistral) como terreos edáfica e fisiograficamente non aptos para o aproveitamento agrícola xustifican a maior dedicación a mato, mantida ó longo do tempo nos concellos de Abadín, Muras, Xermade, e parte de Vilalba.

-	Oct	pación do solo 1	956-1957	
Concello	Arborado	Improdutivo	Mato	Superficie agrícola
Abadín	5,7 (3,1; 10,0)	2,3 (0,9; 5,7)	53,7 (46,5; 60,7)	38,3 (31,6; 45,5)
Begonte	8,4 (4,9; 13,8)	2,4 (0,9; 6,2)	31,9 (25,0; 39,6)	57,4 (49,5; 64,9)
Castro de Rei	6,7 (3,9; 11,2)	3,7 (1,8; 7,5)	37,0 (30,4; 44,2)	52,7 (45,5; 59,7)
Cospeito	8,0 (4,9; 13,0)	3,5 (1,6; 7,4)	25,2 (19,3; 32,1)	63,3 (56,0; 70,1)
Guitiriz	3,3 (1,6; 7,0)	1,3 (0,4; 4,3)	51,8 (44,7; 58,9)	43,5 (36,5; 50,7)
Muras	8,7 (5,4; 13,6)	1,0 (0,3; 3,7)	64,7 (57,5; 71,2)	25,7 (19,9; 32,4)
A Pastoriza	3,3 (1,6; 7,0)	2,3 (0,9; 5,7)	47,0 (39,9; 54,2)	47,3 (40,3; 54,5)
Vilalba	10,7 (7,0; 15,9)	3,0 (1,3; 6,6)	37,0 (30,4; 44,2)	49,3 (42,2; 56,5)
Xermade	9,7 (6,2; 14,8)	2,0 (0,8; 5,2)	60,3 (53,1; 67,1)	28,0 (22,0; 34,9)

Táboa 5. Ocupación (%) do solo por concello en 1956-1957.

45,8 (43,3; 48,2)

44,7 (42,3; 47,2)

7,1 (6,0; 8,5)

Comarca

Este modelo de agricultura de subsistencia (Calvo Iglesias, 2010) e a demanda de terreo produtivo paralela a uns censos demográficos e agrarios que comezan por ese entón o seu declive (Corbelle Rico e Crecente Maseda, 2008), sen dúbida xustifican as porcentaxes de ocupación deste período respecto das dos vindeiros anos.

<b>Táboa 6.</b> Ocupación (%)	do solo 1	por concello en	1984-1985.
-------------------------------	-----------	-----------------	------------

	Oc	upación do solo	984-1985	
Concello	Arborado	Improdutivo	Mato	Superficie agrícola
Abadín	9,1 (5,7; 14,2)	4,1 (2,0; 8,0)	44,3 (37,2; 51,5)	42,6 (35,6; 49,8)
Begonte	16,7 (11,6; 23,3)	4,8 (2,4; 9,3)	38,1 (30,8; 45,9)	40,5 (33,1; 48,3)
Castro de Rei	12,0 (8,1; 17,5)	4,7 (2,4; 8,7)	27,0 (21,1; 33,8)	56,3 (49,1; 63,3)
Cospeito	12,4 (8,2; 18,2)	5,8 (3,2; 10,4)	11,3 (7,3; 16,9)	70,5 (63,3; 76,9)
Guitiriz	13,6 (9,3; 19,3)	2,7 (1,2; 6,2)	39,3 (32,5; 46,6)	44,4 (37,4; 51,7)
Muras	15,6 (11,0; 21,6)	2,0 (0,8; 5,3)	66,4 (59,3; 72,9)	15,9 (11,3; 22,0)
A Pastoriza	8,1 (5,0; 13,0)	2,4 (1,0; 5,7)	24,0 (18,4; 30,7)	65,5 (58,4; 72,1)
Vilalba	18,0 (13,1; 24,2)	4,0 (2,0; 7,9)	33,7 (27,2; 40,8)	44,3 (37,4; 51,5)
Xermade	13,7 (9,4; 19,4)	2,7 (1,1; 6,1)	51,3 (44,2; 58,4)	32,3 (26,0; 39,4)
Comarca	13,2 (11,6; 14,9)	3,6 (2,8; 4,7)	37,4 (35,1; 39,8)	45,7 (43,3; 48,2)

<sup>\*</sup> Cada valor aparece acompañado do intervalo de confianza ( $\alpha$  = 0.05), segundo Goodman (1965) para distribucións multinomiais.

A distribución de coberturas do solo segundo usos en 1985 (Táboa 6) mostra unha maior proporción de superficie arborada: case o dobre que a de 1956. Non obstante, segue acadando valores baixos (14%) en termos comarcais. O segundo apunte é que, inmersos dende os 60 nun proceso de especialización produtiva de altos rendementos, mantense a superficie agrícola a niveis de 1956.

<sup>2,4 (1,8; 3,3)</sup> \* Cada valor aparece acompañado do intervalo de confianza ( $\alpha = 0.05$ ), segundo Goodman (1965) para distribucións multinomiais.

Esta torna produtiva acentuou as diferenzas de usos entre concellos: en Castro de Rei, Cospeito e A Pastoriza (concellos nos que se aplicaron mais intensamente as políticas de colonización e iniciaron os procesos de concentración parcelaria) incrementou a superficie agraria, mentres que en Muras e Xermade incrementouse o dominio da superficie a mato.

O escenario en 2005 (Táboa 7) mostra un reparto equilibrado das tres coberturas do solo: superficie agrícola (38%), mato (28%) e arborado (32%). Produciuse un claro incremento da superficie forestal a costa da superficie agrícola e do mato, consecuencia da caída dos censos demográficos e agrarios (Corbelle Rico 2010) e do fomento do cese anticipado da actividade agraria (sobre todo nos concellos periféricos e máis montañosos da comarca).

	Ocu	pación do solo 2	004-2005	
Concello	Arborado	Improdutivo	Mato	Superficie agrícola
Abadín	27,0 (21,1; 33,8)	1,7 (0,6; 4,7)	36,7 (30,1; 43,8)	34,7 (28,2; 41,8)
Begonte	46,0 (38,4; 53,9)	4,4 (2,1; 8,8)	23,8 (17,8; 31,1)	25,8 (19,6; 33,2)
Castro de Rei	30,0 (23,9; 37,0)	5,0 (2,7; 9,2)	11,7 (7,8; 17,1)	53,3 (46,1; 60,4)
Cospeito	23,8 (18,1; 30,6)	2,4 (1,0; 5,9)	8,7 (5,4; 13,8)	65,0 (57,7; 71,7)
Guitiriz	41,3 (34,5; 48,5)	2,7 (1,1; 6,1)	25,0 (19,3; 31,7)	31,0 (24,8; 38,0)
Muras	32,0 (25,7; 39,0)	0,3 (0,0; 2,6)	53,3 (46,1; 60,4)	14,3 (10,0; 20,1)
A Pastoriza	21,7 (16,3; 28,2)	3,0 (1,3; 6,6)	19,7 (14,6; 26,0)	55,7 (48,5; 62,6)
Vilalba	40,0 (33,2; 47,2)	2,7 (1,1; 6,1)	24,3 (18,7; 31,0)	33,0 (26,6; 40,1)
Xermade	25,7 (19,9; 32,4)	1,3 (0,4; 4,2)	42,3 (35,4; 49,5)	30,7 (24,5; 37,7)
Comarca	31,7 (29,5; 34,0)	2,6 (1,9; 3,5)	27,4 (25,3; 29,7)	38,2 (35,9; 40,6)

<sup>\*</sup> Cada valor aparece acompañado do intervalo de confianza ( $\alpha$  = 0.05), segundo Goodman (1965) para distribucións multinomiais

Isto dá lugar a unha polarización en tres grupos de concellos segundo a distribución de usos dominante: Castro de Rei, Pastoriza e Cospeito manteñen o seu carácter agrario; en Begonte, Guitiriz e Vilalba pasou a dominar o arborado e Muras, Xermade e Abadín presentan maior superficie a mato.

#### 4.2. Matrices de cambio

Entre 1956 e 1985 non se observan grandes cambios na comarca, dado que unha dirección de transformación contrarresta á dirección inversa. A superficie agrícola mantívose entorno ós 800 km² e só é destacable un aumento da superficie forestal (+110 km²) a costa dunha redución proporcional do mato. Entre 1985 e 2005, produciuse unha perda neta de superficie agraria de entorno a 130 km². Esta, xunto con 180 km² de matogueira, tornaron en uso forestal (+320 km²) (Figura 1).




Figura 2. Evolución dos usos do solo entre 1956 e 2005 na Terra Chá.

En termos absolutos, entre 1956 e 1985 produciuse un incremento das roturacións (187,8 km²), foron arborados 73 km² que estaban dedicados a uso agrícola, e 80 km² pasaron a matogueira (Táboa 8).

			1984-1985		
1956-1957	Superficie agrícola	Arborado	Mato	Improdutivo	Total
Superficie agrícola	600 (32,9%)	72 (4%)	120 (6,6%)	20 (1,1%)	813 (44,6%)
Arborado	38 (2,1%)	83 (4,6%)	5 (0,3%)	3 (0,2%)	129 (7,1%)
Mato	188 (10,3%)	81 (4,4%)	557 (30,6%)	11 (0,6%)	837 (46%)
Improdutivo	6 (0,3%)	4 (0,2%)	1 (0%)	31 (1,7%)	43 (2,3%)
Total	832 (45,7%)	240 (13.2%)	683 (37.5%)	66 (3.6%)	1822 (100%)

**Táboa 8.** Transicións observadas entre 1956/57 e 1984/85 (km<sup>2</sup>).

Estes cambios están relacionados coas políticas e medidas de especialización leiteira da comarca dende os anos 60, tales como o programa de colonización de terras entre 1954 e 1973 (Cardesín Díaz, 1987) ou o proceso de concentración parcelaria (Crecente Maseda, 1998; Miranda Barrós, 2002; Cabana Iglesia, 2008) e coa política de repoboación forestal levada a cabo polo Patrimonio Forestal do Estado (Rico Boquete, 1995).

A descrición do sector agrario no período anterior á entrada na Unión Europea (Colino Sueiras, 1980), ou a de Lamo de Espinosa (1997) dos comezos da década perdida (1986-1996), coinciden en que a agricultura galega estaba a sufrir un proceso de cambio e mellora da eficiencia produtiva a pequena escala na maioría das explotacións activas. Comezaba a impoñerse un modelo de cultura agronómica intensiva

(mellora de cultivos e razas, mecanización, dependencia de insumos externos á explotación, colonización e concentración parcelaria) dentro do proceso de cambio tecnolóxico na denominada Revolución Verde.

Este contexto explica que en 1985 o 22,5% da superficie a mato fose roturada e a superficie agrícola aumentase (+70 km²) respecto a 1956/57. Neste sentido destacaron especialmente A Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei como os concellos que primeiro experimentaron procesos de concentración parcelaria e nos que se proxectaron catro poboados de colonización (Veiga do Pumar, Matodoso, Arneiro e A Espiñeira).

Respecto da incidencia da política Patrimonio Forestal do Estado na provincia de Lugo, as 88.242,68 ha (Rico Boquete, 1995) repoboadas na provincia de Lugo representan un +9% da superficie total. A porcentaxe de superficie que pasa a arborado entre 1956 e 1985 (+6%) confirman que na zona de estudo e no centro da provincia a incidencia desta política foi menor que na zona oriental. En contraposición ó que anuncia Rico Boquete (1995), non se percibe que os concellos da Terra Chá que pertencen ó triángulo Friol-Abadín-Viveiro presenten unha porcentaxe de superficie reforestada superior ó resto.

A incorporación de Galicia ós mercados europeos de produtos excedentarios e a posterior Reforma MacSharry da política agraria europea (1992) converxeron nunha serie de determinacións na dirección que xa enunciaba Colino Sueiras en 1980: "... un postulado debe quedar claro: Galicia posee un excesivo número de explotacións de vacún". Así, entre 1985 e 2005 houbo tres políticas clave para contextualizar os cambios na cobertura do solo: a promoción da extensificación produtiva (Regulamento CEE 2078/92), o cese de explotacións e abandono de parcelas (Regulamento CEE 2079/92) e a reforestación de terras agrícolas (Regulamento CEE 2080/92).

Consecuencia disto, entre 1985 e 2005 o cambio nas cubertas do solo foi máis acentuado e afectou fundamentalmente á superficie arborada: o 17,9% da superficie agraria e o 34,1% da superficie a mato foron repoboados neste período. Do mato restante, o 50% mantívose como tal e só un 13% foi roturado (89,3 km²) (Táboa 9).

O incremento neto da superficia arborada (+330 km²) débese á forestación nun 57% de terras a mato e nun 37% de terras agrarias. Estes valores están próximos aos encontrados por García Arias e Pérez Fra (2001) de que 64% das superficies repoboadas en Galicia ó amparo do *Regulamento CEE 2080/92* procedían de terras a mato e o 12% de terras de uso agrario, e ao que indica Corbelle Rico (2013) de que o 54% da superficie arborada entre 1985 e 2005 en Galicia procedía de superficies a mato e o 36% de uso agrario.

1984-1985		2	004-2005		
1984-1983	Superficie agrícola	Arborado	Mato	Improdutivo	Total
Superficie agrícola	564 (30,9%)	149 (8,2%)	101 (5,6%)	19 (1%)	833 (45,7%)
Arborado	29 (1,6%)	171 (9,4%)	38 (2,1%)	2 (0,1%)	240 (13,2%)
Mato	89 (4,9%)	233 (12,8%)	353 (19,4%)	8 (0,5%)	682 (37,4%)
Improdutivo	18 (1%)	22 (1,2%)	8 (0,4%)	18 (1%)	66 (3,6%)
Total	699 (38,4%)	575 (31,6%)	500 (27,4%)	47 (2,6%)	1822 (100%)

Táboa 9. Transicións observadas entre 1984/85 e 2004/05 (km²).

Non só os programas de abandono da actividade agrícola e de repoboación de terras agrícolas repercutiron neste importante incremento senón tamén outras políticas europeas, nacionais e autonómicas como a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu regulamento (Decreto 260/1992), as axudas por parte da administración autonómica (consorcios e convenios de ordenación); a proliferación de espazos naturais protexidos en zonas de humidais e ribeiras fluviais onde o abandono de prados de sega fomentou a súa colonización por bosque de ribeira (Martínez Sánchez et al., 2006); a regulación dos permisos de corta nestas mesmas áreas (Directiva do Marco de Augas 2000/60/CE e a Lei de Augas de Galicia) ou mesmo a influencia das axudas á repoboación sobre a preferencia dos propietarios privados pola repoboación autofinanciada con especies de crecemento rápido (eucalipto e, especialmente nesta comarca, piñeiro insigne (MARM, 1998)).




Figura 3. Forestación de terras agrícolas en porcentaxe de superficie municipal.

A outra gran diferencia respecto do período 1956-1985 son a redución do volume de roturacións (89,3 km² fronte ós 187,8 roturados entre 1956 e 1985) e a diminución da superficie agraria, sobre todo en Begonte, Guitiriz e Vilalba nos que a repoboación de terras agrícolas tivo maior incidencia (Figura 2).

#### 4.3. Axuste de modelos explicativos

Segundo o cambio de uso do solo e o período considerado, o tipo e número de variables significativas cambia considerablemente. Nos modelos de forestación, tanto de terreos de mato como agrícolas, o número de variables é máis reducido entre 1956 e 1985 que no período en que o fenómeno da repoboación tomou impulso (1985-2005). Ademais, as escasas variables significativas do primeiro período son fundamentalmente de tipo fisiográfico e climático, e suxiren procesos de forestación natural froito da evolución climácica ou de repoboación en zonas non aptas para o cultivo agrícola.


No caso da roturación e o abandono do uso agrario, o número de variables explicativas é similar nos dous períodos pero resultan interesantes os cambios na súa tipoloxía e nivel de significación: as variables referidas á estrutura do parcelario son dominantes en ambos casos.

#### 4.3.1. Roturación de terras

Xunto coas variables climáticas, precipitación e radiación solar, as de maior significación son a distancia á explotación e aquelas que, directa ou indirectamente, están relacionadas coas políticas de estruturas (Táboa 10). Particularmente trátase da pertenza a unha zona de colonización, a porcentaxe de superficie parroquial concentrada e, en relación a estas, a distancia a vías e a forma das parcelas. A distancia á explotación foi especialmente determinante entre 1956 e 1985. Case o 50% das parcelas roturadas estaban a menos de 100 m e a distancia máxima de roturación (1 km) foi lixeiramente superior á do período 1985-2005 (800 m). En ningún caso se roturaron parcelas a máis de 1,5 km das explotacións. Estes resultados apoian o exposto por Giménez Solla et al. (2012) nun estudo de caso na comarca. O 80% das parcelas xestionadas polas explotacións están a menos de 1.500 m e a distancia media á explotación é de 601 m.

A pertenza a zonas de colonización ou de concentración parcelaria foi determinante para o incremento de roturacións entre 1956 e 1985. Entre 1985 e 2005, estes procesos foron menos significativos pero o plan de infraestruturas e o deseño da parcelación previas seguiron tendo repercusión. A colindancia a vías substitúe á distancia a estradas e o índice de forma aparece como significativa cando no período anterior non o era (Táboa 10).

As parcelas roturadas teñen maior aptitude para pasto segundo a clasificación de Díaz-Fierros e Gil (1984), aínda que non para millo. Isto non se observa no período 1985-2005, nin relación deste cambio coas variables climáticas, sen embargo si se encontra significación no caso de variables estruturais (Táboa 10).



**Figura 4.** Roturación de superficies a mato e arborado nos períodos 1956-1985 e 1985-2005 segundo as clases de aptitude para prado e para millo. Elaboración propia a partir do mapa de Díaz-Fierros e Gil (1984).

#### 4.3.2. Forestación de terras dedicadas a mato

Nesta dirección de cambio (de mato a arborado) é onde máis diferenzas existen entre as variables que o rexen. No período 1956-1985 só resultan significativas as variables altitude e precipitación (altamente correlacionadas entre si, segundo a Táboa 3), coa particularidade de ter un coeficiente negativo. É dicir, o escaso número de parcelas forestadas neste período pertencían a zonas de chaira cunha elevación entre 400 e 650 m, posiblemente masas de bosque de ribeira na mesta rede fluvial desta planicie.

Táboa 10. Modelo de axuste de variables explicativas na roturación de terras nos períodos 1956-1985 e 1985-2005.

		Roturació	n de terras	Roturación de terras 1956-1985			Roti	rración de	Roturación de terras 1985-2005	2005
Variables	Coef.	Erro estándar	z- valor	Pr(> z )	Nivel de significación	Coef.	Erro estándar	z-valor	Pr(> z )	Nivel de significación
Intercept	-1,264	0,088	-14,364	< 2,00E-16	* * *	-1,966	0,109	-18,068	<2,00E-16	***
Pendente (%)	-0,235	0,208	-1,131	0,258		-0,239	0,243	-0,982	0,326	
Altitude (m)	-0,035	0,170	-0,207	0,836		0,031	0,189	0,165	0,869	
Orientación (°)	0,005	0,082	0,055	0,956		0,098	0,101	0,972	0,331	
Precipitación anual (mm)	-0,194	0,116	-1,670	0,095		0,010	0,142	0,069	0,945	
Temp med min mes +frio (°C)	0,009	0,102	0,090	0,928		0,144	0,126	1,143	0,253	
Radiación solar teórica en solsticio de verán (wh/m²·dia)	0,546	0,276	1,975	0,048	*	0,565	0,326	1,734	0,083	
Superficie parcela $(m^2)$	-0,313	0,235	-1,328	0,184		-0,003	0,206	-0,016	0,987	
Distancia a vivendas (m)	-0,144	0,140	-1,031	0,303		-0,065	0,155	-0,418	0,676	
Distancia a outras edificacións (m)	-0,443	0,135	-3,295	0,001	* * *	-0,687	0,179	-3,837	0,000	* * *
Distancia a estradas (m)	-0,335	0,157	-2,137	0,033	*	-0,140	0,185	-0,757	0,449	
Proporción de parroquia concentrada (%)	0,283	0,084	3,352	0,001	* * *	0,320	0,109	2,928	0,003	* *
Índice de forma	0,154	0,080	1,924	0,054		0,270	0,100	2,699	0,007	* *
MVMC	-0,076	0,089	-0,858	0,391		-0,347	0,127	-2,725	0,006	* *
Zona de colonización	0,345	0,088	3,900	0,000	* * *	0,268	0,163	1,640	0,101	
Colindancia a cursos de auga	0,028	0,081	0,345	0,730		-0,174	0,107	-1,628	0,104	
Colindancia a vías	0,103	0,079	1,295	0,195		-0,161	0,086	-1,882	0,060	
Aptitude millo	0,134	0,112	1,201	0,230		0,079	0,135	0,580	0,562	
Aptitude prado	-0,231	0,132	-1,758	0,079		-0,042	0,153	-0,271	0,786	
Aptitude piñeiro	0,028	0,094	0,301	0,763		0,067	0,114	0,583	0,260	
					,					


Preséntanse os coeficientes de axuste, o erro estandar, o z-valor, o p-valor e o nivel de significación para cada unha das variables
Os niveis de significación avaliados son: (\*\*\*) = significativa ó nivel 0,001; (\*\*) = significativa ó nivel 0,001; (\*\*) = significativa ó nivel 0,10; (\*) = significativa ó nivel 0

A repoboación de superficies a mato foi máis intensa entre 1985 e 2005. En particular, nas parcelas localizadas entre os 400 e 650 m de altitude e afastadas das estradas entre 2-3 km. Pola inversa, a colindancia ás vías tamén resulta significativa.

No fenómeno de repoboación de superficies a mato espérase significación das variables de pertenza a MVMC e aptitude para uso forestal. A pesar de que o nivel de significación acadado é baixo, no modelo de roturacións no período 1985-2005 a pertenza a MVMV é significativa ó nivel 0.01 cun coeficiente de axuste negativo. En conxunto, reflicten unha progresiva perda do carácter complementario do monte na actividade agraria (mato para cama do gando e produción de adubos ou incluso cavadas) cara un modelo de produción forestal impulsado, inicialmente, polas políticas do Patrimonio Forestal do Estado, e de seguido, polos convenios de ordenación forestal entre as comunidades de montes veciñais e a administración

Ademais, o considerable número de masas forestais en diseminado ou repoboado identificadas durante a fotointerpretación da ortofoto de 1985 mostran o posible efecto da *Lei 55/1980, do 11 de novembro, de Montes Veciñais en Man Común* que ditaminaba a devolución da administración e xestión destes espazos ás comunidades de veciños. Sumado á posibilidade de renovar consorcios e asinar novos convenios coa administración autonómica, supuxo a posta en produción forestal destas superficies, antes ocupadas por mato.

Os concellos con maior taxa de cambio teñen maiores limitacións fisiográficas para a produción agrícola e gandeira e, sobre todo, son os que inclúen maior superficie de montes veciñais (Figura 4). Inda así, en Guitiriz e Abadín hai unha clara infrautilización forestal destas superficies. Pola inversa, en Vilalba, Muras e Xermade a porcentaxe de superficie municipal repoboada supera á superficie de MVMC, onde se constata a iniciativa repoboadora do propietario individual.



**Figura 5.** Forestación de terras dedicadas a mato e superficie de MVMC en porcentaxe de superficie municipal.

Táboa 11. Modelo de axuste de variables explicativas na forestación de terras dedicadas a mato nos períodos 1956-1985 e 1985-2005.

	Forest	Forestación terras dedicadas a mato 1956-1985	dedicadas	a mato 1956	5-1985	Fo	restación te	erras dedic	Forestación terras dedicadas a mato 1985-2005	1985-2005
Variables	Coef.	Erro estándar	z- valor	Pr(> z )	Nivel de significación	Coef.	Erro estándar	z-valor	Pr(> z )	Nivel de significación
Intercept	-2,477	8,520	-0,291	0,771		-0,842	7,957	-0,106	0,916	
Pendente (%)	0,117	0,187	0,626	0,531		0,298	0,158	1,893	0,058	
Altitude (m)	-0,624	0,205	-3,051	0,002	*	-0.530	0,140	-3,779	0,000	***
Orientación (°)	-0,034	0,108	-0,318	0,750		-0,035	0,081	-0,430	0,667	
Precipitación anual (mm)	-0,291	0,166	-1,758	0,079		-0,260	0,116	-2,244	0,025	*
Temp med min mes +frío (°C)	-0,096	0,129	-0,746	0,456		-0,140	0,097	-1,449	0,147	
Radiación solar teórica en	-0.246	0 159	-1.546	0.122		0.250	0 154	1 632	0.103	
solsticio de verán (wh/m²·dia)	3,1,0	();()	2,7,1	7,77		2,0	7,77	1,00,1	0,10	
Superficie parcela $(m^2)$	0,121	0,093	1,303	0,193		0,020	0,070	0,292	0,770	
Distancia a vivendas (m)	0,201	0,153	1,317	0,188		-0,065	0,111	-0,589	0,556	
Distancia a outras edificacións	900 0	0.133	0.047	0.063		0.018	060 0	0.205	0.837	
(m)	0,000	0,10	0,011	0,,0		0,010	0,0,0	0,50	6,00	
Distancia a estradas (m)	0,081	0,140	0,579	0,562		0,337	0,091	3,698	0,000	***
Proporción de parroquia	-0.224	0.137	-1 641	0.101		-0 102	0 098	-1 045	967 0	
concentrada (%)	F77,0-	0,101	11,011	0,101		-0,105	0,0,0	CEO.1-	0,7,0	
Índice de forma	0,032	0,106	0,303	0,762		0,167	0,076	2,199	0,028	*
MVMC	-0,072	0,107	-0,677	0,498		0,139	0,074	1,879	0,060	
Zona de colonización	-1,953	62,593	-0,031	0,975		-1,893	58,454	-0,032	0,974	
Colindancia a cursos de auga	0,046	0,109	0,421	0,674		-0,005	0,079	-0,062	0,951	
Colindancia a vías	-0,003	0,107	-0,028	0,978		0,213	0,076	2,780	0,005	*
Aptitude millo	-0,113	0,154	-0,735	0,462		600,0	0,107	0,086	0,931	
Aptitude prado	0,029	0,143	0,199	0,842		-0,081	0,100	-0,811	0,417	
Aptitude piñeiro	-0,180	0,139	-1,293	0,196		-0,187	0,107	-1,742	0,082	
							_			

Preséntanse os coeficientes de axuste, o erro estandar, o z-valor, o p-valor e o nivel de significación para cada unha das variables
Os niveis de significación avaliados son: (\*\*\*) = significativa ó nivel 0,001; (\*\*) = significativa ó nivel 0,001; (\*\*) = significativa ó nivel 0,11; (\*) = significativa ó nivel 0

#### 4.3.3. Forestación de terras agrícolas

O fenómeno de repoboación de terras agrícolas entre 1956 e 1985 (72 km²) foi moi inferior ao período posterior (149 km²) e as variables cambiaron. En ambos períodos, a distancia a outras explotacións e a proporción de superficie parroquial concentrada foron significativas. As parroquias que concentraron as políticas de estruturas agrarias mostraron menor incidencia do fenómeno de repoboación en parcelas agrícolas e, en xeral, o fenómeno foi máis intenso en parcelas localizadas a máis de 600 m de distancia á explotación.

A principal diferenza entre períodos, foi a identificación da pendente como variable significativa entre 1985 e 2005. Neste período, o 80% das parcelas agrícolas con máis de 35–40% de pendente foron repoboadas. O maior volume das repoboacións en terras agrícolas déronse no límite de pendente para a mecanización.

A forma da parcela e a colindancia con cursos de auga tamén incrementaron a súa repercusión. Esta última ten que ver cun abandono da actividade agrícola nos prados de sega e a pronta colonización do bosque de ribeira de xeito natural (impulsada polas medidas de protección da primaria *Lei de Augas (Lei 29/1985)*, así como polas máis recentes medidas de conservación coa declaración de espazos naturais Natura 2000 no entorno da notable rede fluvial e lacustre desta comarca.

#### 4.3.4. Abandono de parcelas agrícolas

As variables máis significativas en ambas etapas foron a pendente e a distancia a outras edificacións. En ambos casos repítense as pautas: maior probabilidade de abandono das superficies conforme aumentan o gradiente de pendente e a distancia á explotación, especialmente acentuada en pendentes superiores ó 40% e distancias maiores a 800 m

As parcelas en concellos con maior superficie concentrada foron significativamente menos propensas ó abandono do uso agrario en ambos períodos. Non obstante, hai diferenzas entre os tres municipios agrarios. Cospeito ten valores similares en ambos períodos, Castro de Rei ten un predominio entre 1956 e 1985, e A Pastoriza é o único concello da comarca no que o índice de abandono foi superior no último período (Figura 5).

A variable de pertenza a MVMC mantén a o nivel de significación en ambos períodos, coa particularidade dun cambio de signo do coeficiente de axuste. Non se produciu un abandono senón unha posta en valor para produción forestal. Así, Begonte e Muras, con maior porcentaxe municipal de MVMC, presentan as maiores taxas de abandono do uso agrícola entre 1956 e 1985 (Figura 5) e de repoboación de terras a mato entre 1985 e 2005, seguidos de Xermade.

Táboa 12. Modelo de axuste de variables explicativas na forestación de terras agrícolas nos períodos 1956-1985 e 1985-2005.

	Fores	tación de t	erras agrío	colas 1956/	Forestación de terras agrícolas 1956/57-1984/85	Foresta	ición de ter	ras agríco	las 1984/85	Forestación de terras agrícolas 1984/85-2004/2005
Variables	Coef.	Erro estándar	z- valor	Pr(> z )	Nivel de significación	Coef.	Erro estándar	z-valor	Pr(> z )	Nivel de significación
Intercept	-2,713	9,568	-0,284	0,777		-1,215	0,120	-10,123	<2,0e-16	* * *
Pendente (%)	0,176	0,304	0,578	0,563		1,012	0,249	4,070	0,000	* * *
Altitude (m)	-0,359	0,279	-1,288	0,198		-0,437	0,227	-1,921	0,055	
Orientación (°)	0,102	0,119	0,859	0,390		-0,031	0,092	-0,335	0,737	
Precipitación anual (mm)	0,074	0,178	0,414	0,679		0,021	0,141	0,146	0,884	
Temp med min mes +frio (°C)	-0,088	0,132	-0,670	0,503		-0,329	0,104	-3,176	0,001	*
Radiación solar teórica en solsticio de verán (wh/m²·dia)	-0,492	0,285	-1,725	0,085		0,070	0,298	0,233	0,816	
Superficie parcela (m <sup>2</sup> )	-0,138	0,425	-0,324	0,746		0,384	0,399	0,964	0,335	
Distancia a vivendas (m)	0,342	0,179	1,908	0,056		0,031	0,163	0,192	0,848	
Distancia a outras edificacións (m)	0,657	0,228	2,885	0,004	* *	0,497	0,168	2,949	0,003	* *
Distancia a estradas (m)	-0,422	0,315	-1,341	0,180		0,273	0,225	1,213	0,225	
Proporción de parroquia concentrada (%)	-0,544	0,185	-2,940	0,003	* *	-0,249	860'0	-2,541	0,011	*
Índice de forma	0,147	0,122	1,209	0,227		0,186	0,096	1,947	0,051	
MVMC	-0,187	0,191	-0,976	0,329		-0,012	0,134	-0,089	0,929	
Zona de colonización	-1,857	70,285	-0,026	0,979		-0,230	0,140	-1,644	0,100	
Colindancia a cursos de auga	0,191	0,112	1,711	0,087		0,177	0,088	2,011	0,044	*
Colindancia a vías	-0,072	0,102	-0,706	0,480		-0,003	0,081	-0,041	0,967	
Aptitude millo	-0,120	0,184	-0,651	0,515		-0,038	0,137	-0,281	0,778	
Aptitude prado	-0,066	0,219	-0,299	0,765		-0,042	0,177	-0,235	0,814	
Aptitude piñeiro	-0,059	0,128	-0,457	0,648		-0,131	0,101	-1,292	0,196	
Drecentance of coefficientes de avriete	too orro oct	vinete o estandar o a color a o relation of a constant	a roley a o r	o nivel de cian	soldeiners seb edan eben eren nöinenlis	mbs dae w	inhloc			

Preséntanse os coeficientes de axuste, o erro estandar, o z-valor, o p-valor e o nivel de significación para cada unha das variables Os niveis de significación avaliados son: (\*\*\*) = significativa ó nivel 0,001; (\*\*) = significativa ó nivel 0,01; (\*\*) = significativa ó nivel 0,10; (\*\*) = significa

Táboa 13. Modelo de axuste de variables explicativas no abandono de terras agrícolas nos períodos 1956-1985 e 1985-2005.

	Fores	tación de t	erras agríc	30las 1956/	Forestación de terras agrícolas 1956/57-1984/85	Foresta	ición de ter	rras agrícol	las 1984/85	Forestación de terras agrícolas 1984/85-2004/2005
Variables	Coef.	Erro estándar	z- valor	Pr(> z )	Nivel de significación	Coef.	Erro estándar	z- valor	Pr(> z )	Nivel de significación
Intercept	-1,320	0,119	-11,090	<2,0e-16	* * *	-1,985	10,873	-0,183	0,855	
Pendente (%)	0,545	0,252	2,163	0,031	*	0,938	0,292	3,207	0,001	*
Altitude (m)	0,201	0,223	0,904	0,366		0,657	0,242	2,714	0,007	*
Orientación (°)	0,126	0,104	1,207	0,227		-0,163	0,113	-1,438	0,150	
Precipitación anual (mm)	0,127	0,153	0,827	0,408		-0,110	0,168	-0,658	0,511	
Temp med min mes +frio (°C)	-0,011	0,119	-0,090	0,928		-0,157	0,126	-1,249	0,212	
Radiación solar teórica en solsticio de verán (wh/m²-dia)	0,041	0,255	0,159	0,873		0,654	0,368	1,776	0,076	•
Superficie parcela $(m^2)$	0,179	0,372	0,482	0,630		-0,413	0,501	-0,825	0,409	
Distancia a vivendas (m)	-0,310	0,159	-1,949	0,051	٠	0,031	0,174	0,180	0,857	
Distancia a outras edificacións (m)	0,756	0,185	4,098	0,000	* * *	1,106	0,189	5,848	0,000	* *
Distancia a estradas (m)	0,322	0,241	1,339	0,181		-0,008	0,253	-0,032	0,974	
Proporción de parroquia concentrada (%)	-0,229	0,115	-1,994	0,046	*	-0,250	0,111	-2,257	0,024	*
Índice de forma	0,142	0,103	1,389	0,165		-0,037	0,110	-0,333	0,739	
MVMC	0,301	0,122	2,475	0,013	*	-0,392	0,166	-2,365	0,018	*
Zona de colonización	-0,052	0,107	-0,488	0,625		-2,027	79,873	-0,025	0,980	
Colindancia a cursos de auga	-0,154	0,113	-1,362	0,173		-0,124	0,119	-1,041	0,298	
Colindancia a vías	0,018	0,090	0,197	0,844		0,073	0,100	0,727	0,467	
Aptitude millo	0,118	0,143	0,824	0,410		-0,316	0,157	-2,010	0,044	*
Aptitude prado	0,001	0,170	900,0	0,995		0,199	0,195	1,019	0,308	
Aptitude piñeiro	0,125	0,112	1,116	0,264		0,083	0,119	0,700	0,484	
Description of conficients de contractor	40 0 0000 004	tolog or molog	o to lot a o to	anisol do sign	iffondión non ondo	are and a track a doce	hippion			

Preséntanse os coeficientes de axuste, o erro estandar, o z-valor, o p-valor e o nivel de significación para cada unha das variables Os niveis de significación avaliados son:  $\binom{***}{*}$  significativa ó nivel 0,001;  $\binom{**}{*}$  = significativa ó nivel 0,01;  $\binom{*}{*}$  = significativa ó nivel 0,01;  $\binom{*}{*}$  = significativa ó nivel 0,01;  $\binom{*}{*}$  = significativa ó nivel  $\binom{*}{*}$  = significativa ó nivel




Figura 6. Abandono do uso agrario en porcentaxe de superficie municipal.

Finalmente, entre 1985 e 2005 as superficies máis aptas para o cultivo de forraxe (Díaz-Fierros e Gil, 1984) parecen significativamente menos propensas ó abandono do uso agrícola.

#### 5. Conclusións

O período 1956-1985 estivo caracterizado pola ruptura co modelo produtivo preexistente. Aínda que os cambios netos observados na distribución das principais superficies (agrícola, mato, arborado) mostran unha situación aparentemente estable, o proceso de especialización iniciado nos anos 60 marcou diferenzas entre os concellos de posición marxinal (os de relevo máis montañoso e maiores limitación edáficas para o uso agrogandeiro intensivo) e aqueles outros que concentraron as políticas públicas de 'modernización' da agricultura.

Non obstante, este novo modelo produtivo implantado mostrou signos de esgotamento dende a década dos oitenta. A adhesión de España á por aquel entón Comunidade Económica Europea e a continuación do proceso de desagrarización e despoboamento das áreas rurais, afondaron a división entre os concellos cun sector agrogandeiro máis especializado e o resto. Ao mesmo tempo agravaron a falta de viabilidade de boa parte das explotacións existentes, que se traduciu na perda de superficie cultivada xeralizada, incluso nos concellos que lideraban o proceso baseado no modelo da Revolución Verde.

Parello á diminución da superficie agrícola durante este período produciuse, como consecuencia da iniciativa pública ou privada, un incremento moi forte da superficie arborada, tanto sobre antigas superficies de mato como de cultivo agrícola. A repoboación de terras foi un fenómeno especialmente intenso nos municipios punteiros en índices demográficos e con maior perda de superficie agrícola no período previo, 1956-1985. Pola contra, nos concellos historicamente marxinais (máis montañosos e con procesos de despoboamento precoces) o mato converteuse no período 1985-2005 na cuberta dominante.

A especialización nun uso segundo as políticas con maior incidencia e o declive xeral do modelo de produción intensiva tamén se constatou nas variables motrices identificadas. Así, as variables relacionadas coas políticas de mellora da estrutura parcelaria determinaron as zonas de maior roturación de terras, especialmente entre 1956 e 1985. Ata 1985 os procesos de forestación e abandono do uso agrícola rexéronse por variables climáticas e, fundamentalmente, fisiográficas ou estruturais (distancia á explotación) limitantes. Non así a partir da década dos oitenta en que a aparición de variables estruturais (asociadas ás políticas de especialización agrogandeira) como significativas nos modelos de repoboación e abandono do uso agrícola das parcelas é un indicio máis do colapso do modelo produtivo intensivo fomentado e financiado.

# Agradecementos

As imaxes do voo fotogramétrico da Serie D (1984-1985) foron dixitalizadas e ortorrectificadas polo Grupo de Investigación SILVIS Lab (Spatial Analysis for Conservation e Sustainability), Department of Forest e Wildlife Ecology da Universidade de Wisconsin-Madison.

# Bibliografía

Balboa López, X. 1990. O monte en Galicia. Vigo: Xerais.

Bouhier, A. 2001. *Galicia: ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

Cabana Iglesia, A. 2008. Lo que queda de las agras. La evolución del paisaje agrario en Galicia: A Terra Chá (1954-1968). Ager. Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural, 7: 36–58.

Calvo Iglesias, S. 2010. Los paisajes culturales de agras en Galicia y su dinámica evolutiva. *Documentos de Trabajo (Centro de Estudios sobre la Despoblación y Desarrollo de Áreas Rurales)*, 2: 1–41.

Cardesín Díaz, J.M. 1987. Política agraria y transformaciones en la agricultura gallega: la zona de colonización de Terra del Chá (1954-1973). *Agricultura y sociedad*, 44: 243–280.

Cayuela Delgado, L. 2009. Modelos lineales generalizados (GLM). *Universidad de Granada.* 

Dispoñible en http://es.scribd.com/doc/48112679/3-Modelos-lineales-generalizados.

Colino Sueiras, J. 1980. Galicia y la PAC: Análisis de una actividad crítica: el sector lácteo. *Agricultura y sociedad*, 16: 71–108.

Corbelle Rico, E. 2010. Abandono da agricultura e cambios na cuberta do solo: aplicación de fotografía aérea histórica, modelos de regresión loxística e sistemas de

axuda á decisión para o planeamento territorial na comarca da Terra Chá (Lugo). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tesis doctoral en CD-ROM.

Corbelle Rico, E. 2013 (En prensa). *Urbanización, forestación e abandono. Cambios recentes na paisaxe de Galicia. Revista Galega de Economía.* 22(2).

Corbelle Rico, E. e Crecente Maseda, R. 2008. O abandono das terras: concepto teórico y consecuencias. *Revista galega de economía: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*, 17(2): 47–62.

Crecente Maseda, R. 1998. *La concentración parcelaria en Galicia: validación como instrumento de planificación rural*. Tesis doctoral. Universidade de Santiago de Compostela.

Díaz-Fierros, F. e Gil, F. 1984. *Capacidad productiva de los suelos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.

Ferrás Sexto, C. 2011. Da aldea ao suburbio: cambios demográficos e territoriais en Galicia, 1990-... Revista galega de economía: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, 20: 11–30.

García Arias, A.I. y Pérez Fra, M. 2001. Análise e evolución da aplicación en Galicia do programa de axudas á forestación de terras agrarias. Revista galega de economía, 10(1): 151–176.

García Pérez, A. 2008. Estadística aplicada con R. Madrid: UNED.

Gellrich, M., Baur, P., Koch, B., e Zimmermann, N.E. 2007. Agricultural land abandonment and natural forest re-growth in the Swiss mountains: A spatially explicit economic analysis. *Agriculture, ecosystems & environment*, 118(1): 93–108.

Giménez-Solla, M., Corbelle-Rico, E., e Ónega-López, F.J. 2012. A utilización do espazo polas explotacións gandeiras. Estudo da comarca da Terra Chá (Lugo). En *Territorios a exame. Traballos de ordenación territorial.* Crecente Maseda, R e Fra Paleo, U. (eds.). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. pp. 57-69.

Guimarey Fernández, B. e Corbelle Rico, E. 2012. Caracterización dos procesos de repoboación forestal posteriores á entrada de Galicia na Unión Europea. En *Territorios a exame. Traballos de ordenación territorial.* Crecente Maseda, R. e Fra Paleo, U. (eds.). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. pp. 41-56.

Hildenbrand, A. 2006. La política de ordenación del territorio de las Comunidades Autónomas: balance crítico y propuestas para la mejora de su eficacia. *Revista de derecho urbanístico y medio ambiente*, 40(230): 79-140.

Lamo de Espinosa, L. 1997. La década perdida: 1986-1996, la agricultura española en Europa. Madrid: Mundi Prensa.

López Iglesias, E. 2000. O sector agrário galego ás portas do século XXI: balance das súas transformaciones recentes. *Revista galega de economía*, 9(1): 167–196.

Lorenzana Fernández, R. 2006. El cambio estructural en las explotaciones de bovino en Galicia (años 1962 a 2003). Tesis Doctoral. Universidad de Santiago de Compostela.

Manning, W.G. e Mullahy, J. 2001. Estimating log models: To transform or not to transform? *Journal of health economics*, 20(4): 461–494.

Martínez Sánchez, S., Ramil-Rego, P., Chuvieco Salinero, E., e Díaz-Varela, R.A. 2006. Evaluación de los cambios ocurridos en la cuenca alta del río Miño (Reserva de la Biosfera «Terras do Miño») entre 1990 y 2002 mediante imágenes Landsat. III Congreso Español de Biogeografía. Vitoria: Universidad del País Vasco. pp. 229-238.

Millington, J.D.A., Perry, G.L.W., e Romero-Calcerrada, R. 2007. Regression techniques for examining land use/cover change: a case study of a Mediterranean landscape. *Ecosystems*, 10(4): 562–578.

Ministerio de Medio Ambiente, Rural y Marino. 1998. Mapa Forestal de España 1:50000. Banco de Datos da Natureza. Madrid: MMARM.

Miranda Barrós, D. 2002. Caracterización y evaluación de la concentración parcelaria en Galicia. Propuesta de un procedimiento integrado de ordenación rural basado en métodos avanzados de SIG, fotogrametría digital y análisis multivariante. Tesis Doctoral. Universidad de Santiago de Compostela.

Morisette, J.T., Khorram, S., e Mace, T. 1999. Land-cover change detection enhanced with generalized linear models. *International Journal of Remote Sensing*, 20(14): 2703–2721.

Nogueira López, A. e Sanz Larruga, F.J. 2008. Política ambiental de Galicia. *Observatorio de políticas ambientales 2008*. 2008: 521–542.

Overmars, K.P., Verburg, P.H., e Veldkamp, T. A. 2007. Comparison of a deductive and an inductive approach to specify land suitability in a spatially explicit land use model. *Land Use Policy*, 24(3): 584-599.

Pérez Fra, M.M., García Arias, M.I., Docío Rodríguez, F. 2007. Territorial effects of cattle husbandry restructuring in Cantabrian Range [Spain]. *Serie Estudios - Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*, 62: 327-350.

Precedo Ledo, A. 2004. El modelo de desarrollo comarcal. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 38: 29-46.

Pérez González, A.B. 2002. Economía política durante la posguerra española (decenio 40-50). El problema de la economía no oficial y el mercado clandestino. Tesis doctoral. Universidad de Cádiz

Ramon i Sumoy, R. 2007. España y la Política Agrícola Común (PAC). En *España en Europa y Europa en España (1986-2006)*. Morata Tierra, F e Mateo González, G. (eds.). Barcelona: Fundación CIDOB. Pp. 237-266.

Rico Boquete, E. 1995. *Política forestal e repoboacións en Galicia: 1941-1971*. Tesis doctoral. Universidad de Santiago de Compostela.

Rico Boquete, E. 1999. Montes e industria forestal en la provincia de Pontevedra (1900-1975): Antecedentes y desarrollo de la Empresa Nacional de Celulosas, S.A.: Del aserrío mecánico a la creación de Celulosas de Pontevedra. Santiago de Compostela: Tórculo.

Serra, P., Pons, X., e Saurí, D. 2008. Land-cover and land-use change in a Mediterranean landscape: A spatial analysis of driving forces integrating biophysical and human factors. *Applied Geography*, 28(3): 189–209.

Sineiro García, F. 2008. La integración de la agricultura gallega en la unión europea. Revista Galega de Economía, 17: 201-214.

Turner, B.L., Skole, D., Sanderson, S., Fischer, G., Fresco, L. and Leemans, R. 1995. *Land-Use and Land-cover change Science/Research Plan*. Joint publication of the International Geosphere-Biosphere Programme (Report No. 35) and the Human Dimensions of Global Environmental Change Programme (Report No. 7). Stockholm: Royal Swedish Academy of Sciences.

# As casas de labranza galegas, pasado ou futuro? Un estudo de caso na parroquia de Trasliste

Marcos Vázquez Marey<sup>7</sup> e María do Mar Pérez-Fra

Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela

#### Resumen

O proceso de reestruturación agraria en Galiza estivo fortemente vinculado ao tamaño e, hoxe en día, está lonxe de ter finalizado. Aínda existe un número importante de pequenas unidades produtivas, casas de labranza, que corren o perigo de desaparecer nos próximos anos. Con todo, e a pesar do seu número e da enorme capacidade de resistencia que demostran ter, estas pequenas unidades produtivas apenas teñen interesado ao mundo científico. O presente traballo é unha contribución a este campo. O estudo dun caso permite entender o papel que xogan na actualidade esta forma de organización da produción. O traballo evidencia a súa importancia pola súa elevada vinculación co territorio e polo relevante aporte de ingresos que permite ás familias vinculadas coas mesmas mellorar a súa renda e acceder a unha alimentación de calidade da que doutro xeito quedarían excluídas debido ao baixo nivel de ingresos.

#### **Abstract**

The process of agriculture restructuring in Galicia was strongly linked to the size of the farms but, nowadays, is far from being completed. There is still an important number of small productive units that run the risk to drop production in the coming years. In spite of their number and the resilience exhibited, these units barely attract the interest of the scientific community. The chapter is a contribution to a better knowledge. The analysis provides valuable information that allows understanding the role that this form of production plays nowadays. The work underlines their attachment to the land, given the relevant income that small farms yield, which allows families to improve their revenues and have access to good quality food which otherwise they could not afford due to the low income.

## 1. Introdución

A agricultura galega ten experimentado ao longo dos últimos 70 anos un intenso proceso de cambios (López Iglesias, 2000) que implicaron a desaparición do sistema agrario tradicional e a irrupción dun novo modelo de organización produtiva que ten na especialización, na orientación cara ao mercado e na introdución de bens de capital e inputs

-

<sup>&</sup>lt;sup>7</sup> e-mail: vazqueztrasliste@hotmail.com

de orixe industrial os seus aspectos mais relevantes. Con todo, é importante salientar que o proceso de reestruturación agrario en Galicia está lonxe de ter finalizado (Sineiro et al., 2007). Aínda existe un número importante de pequenas unidades produtivas, casas de labranza, que corren un perigo certo de desaparecer nos próximos anos.

É importante salientar que este proceso de mudanza non só provocou cambios no ámbito produtivo senón que, como é lóxico, trouxo consigo importantes modificacións da realidade social e cultural na que estaba inserto o sistema de produción agrario tradicional. Un modelo no que as unidades de produción tamén eran unidades de consumo, e cuxo elemento esencial era a integración produtiva do policultivo -gandería- e o monte (Bouhier, 2001).

No momento actual son numerosas as voces que poñen en evidencia as contradicións do modelo produtivo agroindustrial. Contradicións que non só se circunscriben ao ámbito ambiental, senón tamén ao económico, social e cultural. De feito, podemos atopar na literatura diversos traballos que reivindican unha nova lectura do termo minifundio (Ferrás et al., 2004, Ferrás et al., 2007).

Este artigo é unha aportación a esta discusión, a partir da análise dunha casa de labranza da parroquia de Trasliste (Láncara). Usamos o concepto de casa no senso recollido en diversas obras de antropoloxía de Galicia (Lisón, 1971; Iturra, 1988; Cardesín, 1992; Mariño, 2000) e que Risco (1936, p. 326) define como:

"O instrumento de acomodación do home na terra, a ligame, o vencello do home ca paisaxe; a vida toda do home, consistente nunha relación co medio, expresase na casa, da cal pódese deducir toda a demais cultura"

É pois un concepto complexo que integra relacións familiares, sociais, culturais e económicas, elementos do patrimonio e de organización da produción agraria na que conviven diversas actividades (gandeiras, agrícolas e forestais). A pesar da gran capacidade de resistencia destas pequenas unidades produtivas, o mundo académico apenas lles ten dedicado atención. Cuestión cando menos chamativa, dado o contexto actual, no que a soberanía alimentaria é unha preocupación que excede as fronteiras da Unión Europea, no que as contradicións ambientais e os incrementos dos prezos dos alimentos están apuntado á necesidade dun cambio de paradigma.

O anteriormente exposto xustifica a análise destas unidades, tentando responder á seguinte pregunta: Están as casas de labranza en condicións de ser unha oportunidade para as xeracións futuras?

#### 2. Metodoloxía

A metodoloxía de traballo empregada enmárcase no concepto de investigación-acción definido por Kurt Lewin nos anos corenta (Lewin, 1946). De acordo con este enfoque o investigador é un dos actores chave do obxecto a investigar, polo que os problemas a resolver son definidos e analizados polos propios afectados. De tal xeito que os resultados aquí obtidos son froito do traballo de análise, mais tamén da reflexión colectiva do conxunto dos membros da unidade familiar denominada Casa Vázquez.

Ademais da recollida exhaustiva de información sobre o tempo de lecer e traballo dos membros da familia até reconstruír o que denominamos 'semana tipo' consultouse o arquivo existente na casa. Atopamos e revisamos documentos históricos que nos permitiron reconstruír a historia da casa<sup>8</sup>, mais tamén se revisaron as contas de ingresos e gastos e os investimentos realizados durante o período 2009-2011, o que nos permitiu aproximarnos a unha conta de explotación.

# 3. Pasado, presente e futuro dunha casa de labranza

# 3.1. Reseña histórica da Casa de Vázquez

A casa de labranza Casa de Vázquez atópase situada no cuadrante noroccidental do concello de Láncara no límite co concello de O Corgo, dentro da parroquia de Trasliste (Cítase *Sancto Iohanne de Terlisti* en 1125 - Tumbo 54-), e o lugar onde se empraza a vivenda familiar e as instalacións principais que dan servizo á casa chámase A Eirexe.

O rexistro da casa conserva documentos que acreditan a súa existencia como unidade produtiva desde o século XVIII. A casa de pedra habitada na actualidade foi construída a finais do século XIX, e os fondos para a súa construción obtivéronse coa participación nas segas de cereal por terras castelá-leonesas por parte de membros da unidade familiar, práctica común non so nesta comarca senón en amplas zonas de Galicia (Carmona, 1990). Dos documentos históricos de propiedade conservados no arquivo da casa, dedúcese que, dende os anos 20 do século pasado ata ben entrados os 60, a casa fixo grandes esforzos económicos, sustentados en sacrificios do traballo, para manter a base territorial da casa debido á división da masa hereditaria en cada xeración.

Unha vez consolidada legalmente a propiedade, en 1968 Casa de Vázquez inicia o proceso de modernización, especialización e mecanización da produción. A pouca dispoñibilidade de medios financeiros para afrontar este proceso fixo que en 1972 Manuel e Oliva

-

<sup>&</sup>lt;sup>8</sup> O arquivo conserva documentos desde o século XVIII

(os responsables directos da casa na actualidade) emigrasen a Suiza, quedando a Casa a cargo de Ermitas e Manuel, os pais de Manuel. A intensa onda migratoria, que desde o rural barre Galiza desde mediados do século XX, vai supor a chegada de cuantiosos capitais ao medio agrario que resultarían fundamentais para o proceso de cambio agrario (Collarte, 2004).

No caso de Casa Vázquez os ingresos procedentes de seis anos de traballo en Suiza van ser fundamentais para permitir a modernización da explotación, acometendo reformas nas cortes, mellorando a cabana gandeira (especializándose en vacas de raza rubia galega para a produción de carne), e mellorando o equipamento de maquinaria co que contaba a explotación. Neste caso, como en moitos outros, a emigración non significou unicamente dispoñibilidade de capital senón tamén novas ideas que modificaron as formas de produción. Un bo exemplo disto é a plantación de maceiras que realizan Manuel e Oliva emulando o modelo suízo de plantacións perimetrais.

# 3.2. Actividade produtiva actual

As actividades produtivas realizadas en Casa Vázquez poden dividirse en dous grandes tipos, en función da orientación final das mesmas:

- 1. Actividades orientadas cara o mercado que, en función do nivel de ingresos anuais xerados, se enumeran a continuación por orde de importancia:
  - a. Gandería bovina extensiva. Tomando como referencia a derradeira listaxe de sanidade animal<sup>9</sup>, conta con 30 cabezas de gando, das cales 20 teñen dereitos de produción polos que se recibe unha axuda por vaca nutriz. Por razas había 18 de rubia galega (produción certificada como *Ternera gallega suprema*), 2 de raza asturiana e 4 de raza caldelá (que dan dereito ao cobro dunha axuda por raza en perigo de extinción dentro do contrato de explotación sustentable CES). A cría dos xatos realízase por estancia total coa nai ata os 4 a 6 meses, dependendo da época do ano, e despois introdúcense en cortes para realizar o cebo e acabado, aleitándose entre unha e dúas veces ao día. A alimentación das vacas procede totalmente dos produtos forraxeiros producidos na Casa (herba seca, silo, pasto e herba en verde) así como –maioritariamente- a dos xatos, tendo aporte dunha cantidade pequena de penso composto.
  - b. Produción de mazá ecolóxica certificada desde 1999. Esta certificación é a que fixo rendíbel a produción na medida en que permite obter unha importante diferenciación en prezo. Ao longo


-

<sup>&</sup>lt;sup>9</sup> 8 de maio de 2012

dos anos fixéronse innovacións importantes que a seguir se detallan:

- Plantación de fincas con aptitude agrícola e superficie inferior a 1000 m² cun marco de plantación de 7 por 7 metros, o que permite unha completa mecanización da recolleita e a compatibilización do uso gandeiro (aproveitamento a dente polo gando).
- Especialización das árbores, con patróns de porte medio, e variedades sidreiras dos tipos De la riega, Riesta, Solariña, Verdilona ou Regona.
- Introdución dos 'big-bags' para o manexo con pala cargadora do tractor entre a finca e o acopio. Deseño e construción dun útil en forma de L invertida que se acopla á pala cargadora do tractor para aumentar a capacidade de manexo dos big-bags. Isto permitiu reducir en 2/3 por campaña o tempo empregado na manipulación da mazá.

Na actualidade hai 240 pés adultos e 40 en estado de aumento de produción. A Figura 1 ilustra a evolución da produción, vendas e ingresos desde 1999. Aínda que a produción é irregular, pódese apreciar que a produción está a aumentar nos anos con puntas de produción, o que dá unha idea da mellora no manexo da plantación.



**Figura 1**. Evolución da produción de mazá ecolóxica. Fonte: Elaboración propia a partir dos volantes de circulación.

 Produción forestal en terras de baixa aptitude agraria. As especies plantadas son *Quercus robur*, *Castanea sativa*, *Pinus insignis* e *Pinus radiata*. Como se describe a continuación os ingresos proporcionados por este aproveitamento son importantes para a economía da Casa, sobre todo tendo en conta que é unha actividade moi pouco esixente en tempo de traballo, investimentos e gastos.

- 3. Actividades orientadas maioritariamente ao consumo familiar. O autoconsumo é unha parte moi relevante dos recursos que xera a unidade produtiva para a economía familiar. Hai que apuntar que a familia valora esta produción non só polo aforro económico que supón, senón porque lles permite acceder a alimentos de gran calidade. A parte da produción que se detalla de seguido, a casa destina un xato ao ano para o consumo interno.
  - a. Produción de trigo de variedade grandal. Se ben os excedentes de produción son vendidos a terceiros. a maior parte da mesma destínase á elaboración do pan consumido pola familia e á produción de pensos para o porcino e para a mestura dos xatos comercializados. O volume de produción varía en función de cada ano, posto que, cando se renova algunha pradería, acostúmase a sementar antes unha campaña de cereal.
  - b. Porcino. Está dedicado ao consumo familiar aínda que tamén se vende algún exemplar cebado.
  - c. Gando miúdo. Galiñas, polos de cebo e coellos.
  - d. Horta familiar con cultivos hortícolas de temporada e patacas. A esta fin están dedicadas aproximadamente 0,2 ha (dependendo do ano). No caso do horto, plántanse todo tipo de cultivos de temporada, estando situado nunha terra de calidade que dispón de rega por fonte natural. No caso das patacas, cámbianse tódolos anos de finca para control natural dos parasitos e pragas que podan proliferar.

Mención a parte merece a creación do *Museo Integrado de Maquinaria Agrícola Clásica de Galicia*, se ben no momento actual esta actividade non supón ningunha fonte adicional de ingresos ós propietarios, non descartan que sexa unha actividade que os acabe xerando.

#### 3.3. Descrición da base territorial actual

A maior parte da propiedade ten a súa orixe no conxunto herdado por Manuel e Oliva, o que fai que as parcelas estean en dúas parroquias: Trasliste e Franqueán (concello de O Corgo), situada a 8 km de distancia da Casa de Vázquez. Mais, ao longo dos anos os propietarios ampliaron a base territorial a través de procedementos como cambios con veciños por predios equivalentes<sup>10</sup> ou mediante arrendamento. Esta foi a vía

.

 $<sup>^{10}</sup>$  A finca Sobor de vila pasou a agregarse ao Fondo do Agro, pasando esta a ter unha superficie de 3604 m², a finca Bouza agregouse ao Agro pasando esta a ter unha superficie de 7167 m², e, por último, o leiro do Castelo agregouse á Veiga de Arriba cunha superficie final de 7911 m².

fundamental pola que a Casa conseguiu incrementar a súa base territorial aínda que, como se verá máis adiante, a escasa dispoñibilidade de terras fixo que todas as parcelas estean situadas lonxe da Casa.

#### 1. Parcelas en propiedade (Táboa 1)

Táboa 1. Parcelas en propiedade de Casa de Vázquez.

			Pradeira	ıs e	Pradeira	as e			Agrícola	
	Forest	:al	pasto	S	mazaiı	as	Mazair	as	autoconsur	no
	Nº de		Nº de		Nº de		Nº de			
	parcelas	has	parcelas	has	parcelas	has	parcelas	has	Nº de parcelas	has
		2,0						0,3		
Trasliste	8	6	8	6,9	7	4,17	3	7	3	0,2
								0,2		
Franqueán							3	4		

Fonte: elaboración propia a partir dos arquivos da casa.

- 2. Parcelas en propiedade mancomunada (MVMC). A Casa tamén participa na propiedade de montes veciñais, de novo en ambas parroquias. Os usos son forestal e gandeiro (3,32 has declaradas para pago único).
- 3. Parcelas arrendadas. A casa dispón de 6 has en réxime de arrendamento divididas en 3 parcelas. Trátase de fincas cunha extensión media superior á que teñen as de propiedade mais están moi distantes da casa<sup>11</sup>. Están adicadas á produción de forraxe e cereal (en rotación).

#### 3.4. Instalacións e maquinaria

A casa conta coas seguintes instalacións:

- 260 m² de establo libre, construído en 1996, con capacidade para 25 vacas. Úsase para manexo do gando na aplicación de tratamentos veterinarios, controis sanitarios, e alimentación do mesmo en épocas de forte invernía. Tamén para amamantado de xatos en idade de acabado (que oscila entre os 4 a 9 meses).
- 118 m² de establo trabado, construido en 1980, con capacidade para 15 vacas. Foi o primeiro que se construiu na parroquia, na hai nel unha corte de xatos, tamén se usa para amamantar xatos en épocas de acabado e sala de partos.
- 120 m² de almacéns para máquinas e enseres agrícolas construidos en 1995.

<sup>&</sup>lt;sup>11</sup> A máis pequena ten unha extensión de 0,665 has e está a 2 km, e a 4 km está a segunda das parcelas cunha dimensión de 2,1 has. En ambos casos o arrendamento fíxose cun contrato privado. A casa dispón dunha terceira parcela de 3,2412 has que dista 12 km e que foi arrendada a través do Bantegal.

- 210 m² de almacén para forraxes henificados, palleira, construido en 1978, con financiamento procedente do aforro de capital no período de emigración.
- 30 m² de silo tipo trincheira construído no ano 1980, xa en desuso desde o 2000.
- 40 m² de cortes de acabado de xatos (cando se fala de acabado de xatos é cando se recollen para suministralles unha alimentación máis controlada), construida en 1985.
- 200 m³ de foxo de xurro, construido en 1997.
- Fincas principais cercadas con 5-6 fíos de arame de espiño.
- 72 m² de cubertizo en pendello tipo feira para museo de máquinas clásicas.

#### A maquinaria con que conta a Casa consiste en:

- Tractores: Tractor adquirido co apoio dun recente programa Renove de tractores (2008). Para adecuar o traballo na explotación ás novas medidas de seguridade do operario e coidado do medio -normativa europea de contaminación (fase III-B, Tier 3), que non foi de obrigado cumprimento ata 2011-. O custo foi de 50000€. Realiza na actualidade as tarefas pesadas de laboreo e forraxe. Tractor adquirido cun dos primeiros plans de mellora (1985), xestionados polo Instituto Lucense de Desenvolvemento, cun custo de 1.550.000 pesetas, con cabina homologada conforme á directiva tipo EP1/7803ª(8)/2. Realiza na actualidade as labores lixeiras de forraxe e transporte. Tractor con pala cargadora frontal da mesma marca, para labores de manipulación e elevación de cargas (rotopacas) e desbroce en terreos forestais; a punto de ser incorporado á colección de tractores clásicos (1969).
- Maquinaria de forraxe: Rotoempacadora de cámara fixa, para o ensilado en paquetes e para o rotoempacado da herba henificada. Empacadora de pacas prismáticas pequenas, compartida con outros dous agricultores da parroquia, pouco usada na actualidade, simplemente para a realización de pacas de palla pola súa facilidade de manexo manual, para estrado de cama dalgún animal en parto, posto que foi totalmente sustituida pola rotoempacadora. Remolque autocargador de 15 m³, utilizado para ensilar, pouco usado na actualidade, só para herba en verde. Hilerador semisuspendido adquirido cun plan de mellora aprobado para a explotación. Henificador semisuspendido compartido con outros dous agricultores da parroquia. Segadora rotativa suspendida, utilizada para corte da herba para silo e

henificada. Segadora autopropulsada de corte por coitelas compartida con outros dous agricultores da parroquia.

- Maquinaria de labor e abonado: Cuba de purín compartida con outros dous agricultores da parroquia. Cuba de purín compartida con familiar. Rodillo compactador de fabricación local, de 2.5 m de anchura, compartido con outros catro agricultores da parroquia. Abonadora-sementadora suspendida de 400 litros. Arado monosurco automático de 20". Arado trisurco automático non-stop compartido cun familiar. Cultivador de nove brazos helicoidais. Cultivador de refino de fabricación local de 2.5 m de ancho. Carro esparcidor de esterco de tres cadeas e tres rotores, de 15 m³.
- Maquinaria de transporte: Remolque agrícola de 3.7 m de largo por 1.7 m de ancho, homologado para 6500 kg. Remolque para turismo de 3 m de largo por 1.6 de ancho, homologado para 1500 kg.
- Outra maquinaria: Desbrozadora suspendida de 1.6 m utilizada para o control mecánico de malas herbas e silvas sen aplicar produtos fitosanitarios. Desbrozadora manual para labores de coidado de bordes das fincas e dos espazos a produción forestal. Motoserra de acumuladores, como ferramenta respectuosa co medio dado que non consume combustibles fósiles e as baterías son recargables e reciclables. Úsase para a poda das maceiras, de pinos, e corta de madeira para uso doméstico.

O conxunto da maquinaria propia (65%) e compartida (35%) suma vinte máquinas. Compartir maquinaria representa unha oportunidade de aforro económico dado que, no caso das labranzas deste tipo, as máquinas acadan a obsolescencia tecnolóxica a menos da metade da súa vida útil.

A parte a Casa ten a maquinaria antiga pertencente ao Museo. Parte dela procede da conservación e restauración de maquinaria propiedade de Casa de Vázquez, mais en 2006 comezou a definirse máis esta iniciativa e realízase a primeira exposición de tractores e maquinaria agrícola clásica. O proxecto recibe unha subvención do grupo de acción local Terras do Miño e na actualidade pódese visitar unha colección de maquinaria agrícola en miniatura (máis de 200 pezas), 6 tractores clásicos restaurados e varias máquinas agrarias de época.

#### 4. A forza de traballo

#### 4.1. O traballo cotián

O traballo distribúese entre tres persoas: a titular actual da actividade agraria (Oliva) de 62 anos, o seu cónxuxe (Manuel) xubilado de 67 anos e

o fillo de ambos (Marcos), de 39 anos, que traballa por conta allea no sector servizos.

Como se observa na Táboa 2, Oliva é a que leva gran parte do traballo cotiá de manexo do gando e do gando miúdo, ademais do traballo na horta, e a preparación e conservación dos alimentos. É responsábel tamén das tarefas de limpeza da casa e da elaboración da comida. É de salientar que cando se realizan traballos de campaña, tales como a recollida de mazás, o número de horas dedicadas ás tarefas domesticas e de autoconsumo rebáixanse substancialmente. As tarefas de manexo e mantemento da maquinaria (labranza, abonado, acople e desacople de apeiros) son realizadas por Manuel coa colaboración, nas tarefas máis complexas, de Marcos. Esta división do traballo en función do xénero correspondese no esencial co patrón descrito por *Méndez (1988) para a provincia de Lugo no período 1940-88*.

Manuel, aínda que xubilado e coas limitacións físicas propias da súa idade, mantén unha intensa actividade. Ocupase en exclusiva das tarefas administrativas máis rutinarias e comparte o traballo diario coa titular da explotación. El é o que se ocupa das tarefas de mantemento da labranza, como son arranxo de peches das parcelas, rozado de arredores ou reparacións e construción de paredes de pedra, así coma da realización de pequenas obras de albanelería.

A Táboa 2 reflicte o resultados obtidos coa recollida sistemática de tempos de traballo dunha semana tipo 12 que, como é esperable, experimenta variacións en función das labores requiridas polas campañas estacionais. As labores que non son diarias ou habituais descríbense no apartado seguinte.

Día da semana		allo par nercado	ао		raball xestic		Traballo para autoconsumo	Traballo doméstico	Trabal conserva manter	ación e
Luns	0,5	1	2	2	2		1,5	3,5		3,5
Martes	2	2,5					1,5	2		5,5
Mércores	0,5	4,5				1	1	5,5		1,5
Xoves		1,5	1				1	1	1	3
Venres	3	1				0,5	2,5	1		6,5
Sábado	1	1						4		0,5
Domingo		2								
Traballo	7	13,5	3	2	2	1,5	7,5	17	1	20,5

Táboa 2. Tempos de traballo (horas) nunha semana tipo.

En cursiva aparece sinalado o traballo do cónxuxe xubilado, en negriña o traballo compartido

Observamos que o número de horas de traballo semanais oscilan entre as 49,5 horas de traballo semanais de Oliva (incluíndo traballo doméstico) e

-

 $<sup>^{12}</sup>$  A recollida dos tempos correspóndese coa semana comprendida entre o 23 e 29 de abril de 2012.

as 41,5 horas de Manuel. Descontando o tempo adicado a mantemento e traballo doméstico, está por debaixo dunha xornada semanal normal (40 horas). Por outra parte tanto Manuel como Oliva declaran que parte do traballo compartido podería ser realizado por unha única persoa mais prefiren facelo deste xeito.

Como se sinalou anteriormente, a pesar de que Marcos non reside na Casa tamén aporta traballo. As motivacións desta participación son múltiples: o interese por este tipo de labores, o obxectivo de mellorar a calidade de vida dos pais descargándoos das tarefas máis pesadas e, por último, a responsabilidade ou compromiso de ser herdeiro da propiedade e explotación. O traballo que aporta Marcos non é remunerado directamente, se ben participa xunto coa familia e benefíciase dos alimentos producidos na Casa. De novo, non estamos ante unha situación excepcional, senón que é un exemplo mais de inserción nos procesos de reprodución, ampliación ou supervivencia da pequena agricultura familiar (Díaz Méndez, 1999).

A cuantificación do traballo aportado por Marcos, ao ser mais irregular, resultou máis difícil. Co obxectivo de facer unha cuantificación o máis precisa posible recorreuse a distintas formas de medida: análise dos tacógrafos dos tractores e estimación a partir dos tempos oficiais de mantemento de máquinas en taller. Esta análise permitiu estimar que o traballo de Marcos consiste en 265,4 horas/ano, que se desglosan en 225 horas/ano en manexo de maquinaria, 16,25 horas/ano en mantemento básico de máquinas, e 24,12 horas/ano en traballos de acople, desacople de maquinaria e reparacións.

#### 4.2. Traballos non cotiáns

Como xa se sinalou anteriormente, en determinadas épocas da campaña a intensidade dalgunhas tarefas (colleita de forraxe, labranza, abonado ou recollida de mazás) fai que se teña que modificar substancialmente a distribución de horas de traballo apuntada anteriormente. Nestes momentos Oliva e Manuel reducen ao mínimo as tarefas diarias (coidado do gando e tarefas domésticas) e suprimen a realización de tarefas de mantemento. De acordo co declarado por eles, as tarefas diarias redúcense ate quedar en:

- No caso de Oliva, 9 horas/semana
- No caso de Manuel, 4,5 horas/semana
- No caso de traballo compartido: 16 horas/semana

Para os labores relacionados coa recollida de mazá ecolóxica, hai que ter en conta que a produción é moi variable entre anos, polo que este traballo se divide en dous tipos: o traballo fixo (xestión administrativa, poda e reposición da plantación) e o traballo variable en función da produción, que é equivalente ao tempo de colleita. Para a xestión, empréganse

aproximadamente 4 horas ao ano (realizadas por Marcos), posto que a declaración de vendas e as inspeccións fanse dúas veces por exercicio, e para poda, vense dedicando aproximadamente dúas fins de semana, estimando un tempo de 12 horas por fin de semana, estando este traballo realizado por Marcos acompañado de Manuel ou Oliva. Para a colleita, en anos de produción punta, recórrese ao apoio doutro persoal: asalariado ou por rogas<sup>13</sup> (as rogas son membros da familia ou veciños que colaboran sen salario e que son compensados mediante traballo en reciprocidade). A Táboa 3 describe as horas de traballo dun ano punta (2011).

T	ábo	oa	3.	Horas	s de	traballo:	anuais	por	traballador (2011).

Membros da familia	Horas
Marcos	40
Oliva	20
Manuel	20
María (cónxuxe de Marcos)	10
Persoal asalariado	
Dúas persoas, dous días completos	32
Rogas	
Catro persoas, dous medios días	32
Total	154 horas

#### 4.3. Outros traballos realizados

A recollida de mazás en anos de boa colleita non é o único momento no que se emprega persoal asalariado, senón que tamén se recorre á participación doutros traballadores para o cultivo de praderías e para a roza de marxes de fincas. Os salarios pagados en 2011 son:

- Sementeira de 2 ha de pradería, 3 horas de traballo dun tractorista.
- Roza, 1 persoa 3 días.

#### 5. Resultados económicos

O obxectivo deste apartado non é realizar unha análise económica ao uso. Non se pretende reproducir unha conta de resultados nin calcular índices de rendibilidade, senón obter un indicador da renda xerada pola Casa que nos permita coñecer o seu peso na renda familiar. Para este

56

 $<sup>^{13}</sup>$  Non é este o único momento no que se recorre a este tipo de traballo colectivo, tamén no ensilado se emprega esta práctica.

exercicio usamos os datos procedentes do caderno de explotación<sup>14</sup>. Para a correcta interpretación dos datos hai que ter en conta que:

- A finais de 2006 a Casa sufriu un baleiro sanitario por un brote de tuberculose. Polo tanto, os datos de produción dos anos tomados en consideración amosan unha inestabilidade na produción gandeira.
- En 2008 mercouse un tractor novo, polo que nos custos é necesario valorar o peso notable da amortización do mesmo, que remata en 2013.
- As contas non reflicten dúas cuestións importantes:
  - A cuantificación do autoconsumo, cuxa importancia xa foi descrita anteriormente.
  - Os ingresos procedentes de vendas directas a particulares: xatos, porcos, trigo ou unha pequena parte da produción hortícola.

Á hora de valorar os ingresos é importante ter en conta que a renda do cónxuxe por xubilación ascende a 9.800€, único ingreso da unidade familiar a parte da renda xerada pola actividade agraria, polo que a achega que fai a esta actividade á renda dispoñible é superior ó 62%. Non estamos pois ante unha actividade residual en canto ao aporte de rendas, senón ante unha achega fundamental para manter unha calidade de vida adecuada. Outro elemento que contribúe a dar relevancia a esta actividade xorde ao comparar os ingresos xerados coa Renda Bruta Dispoñible do concello onde está a explotación: de acordo coa Conta de Renda dos Fogares (Base 2000) (IGE, 2012) a renda dispoñible bruta por habitante en Láncara ascendía en 2009 a 13.841€, cantidade inferior á xerada pola actividade agraria desta Casa.

**Táboa 4**. Ingresos e gastos<sup>15</sup> da Casa no período 2009-2011.

	2009	2010	2011
Gandería	8.329,91	2.563	5.959,71
Mazás	1564,8	100	4.204
Subvencións*	4.936,09	27.419.29	15.266,57
Producción forestal	2.121,79		7.000
Total ingresos	15.387,79	29.982,29	34.430,28
Total gastos	12.118,21	6.295,8	11.547,41

-

A fonte dos cadros económicos é o caderno de explotación, documento de obrigada cumprimentación ao ter asinado coa administración o CES (Contrato de explotación sustentable) de medidas agroambientais e axudas ao benestar dos animais.

<sup>15</sup> Cabe destacar que os gastos de mantemento dos animais dedicados a autoconsumo están incluídos nestes valores.

O salario mínimo interprofesional (SMI)¹6 é de 641,4 €/mes, ou 8979.6 €/ano. Os ingresos xerados pola Casa son 1,96 veces superiores ao SMI por traballador. Por último, resulta ilustrativa a comparación dos ingresos económicos obtidos co tempo de traballo empregado: 1,3 veces inferior ao dunha xornada laboral para a que foi calculado o SMI (30 horas semanais fronte a 40).

É necesario observar que Casa Vázquez está inserta nun contexto local específico onde se realiza a maior parte das transaccións económicas realizadas. A análise da conta de gastos desta Casa sinala a existencia dun modesto volume de compras de insumos, mais é importante destacar que tódalas transaccións realízanse na contorna da explotación, polo que os efectos na economía local do conxunto destas pequenas unidades produtivas son, sen dúbida, importantes neste contexto.

## 6. Conclusións

Hai dúas conclusións principais que se poden obter a partir deste traballo:

- Asimilar a pequena produción familiar a conceptos como penosidade no traballo ou ineficiencia económica ou ausencia de innovación é un erro. Como podemos comprobar neste caso, a xente realiza unha actividade coa que está moi implicada, mantén unha renta digna, e innova constantemente introducindo cambios no manexo dos sistemas agrarios e maquinaria moderna.
- Os ingresos xerados por esta Casa, aínda sen ter en conta o autoconsumo, son relevantes en termos económicos para os seus propietarios e para a economía local. Importancia que aínda se pon máis de relevo se se considera o nivel de renda medio do territorio onde se localiza a explotación ou a ratio ingresos/horas de traballo empregadas.

Mais o traballo realizado tamén nos permitiu detectar as principais ameazas que se cernen sobre este tipo de explotacións:

- A actividade gandeira require de atención diaria, o que na actualidade non resulta atractivo para moita xente dadas as formas de lecer socialmente implantadas. Este é un problema que se pode solucionar introducindo melloras no manexo e na planificación.
- Hai unha forte dependencia das subvencións que no período de estudo son 1,35 veces superiores ao rendemento bruto do conxunto. Estamos en momentos de incertidume. Por unha parte no horizonte temos unha reforma da PAC que vai modificar os parámetros que determinaban até agora a percepción de axudas

\_

<sup>&</sup>lt;sup>16</sup> R.D.1888/2011 do Ministerio de Emprego

mais, por outra, todo indica que nos próximos anos haberá un aumento no prezo dos alimentos (De Castro, 2011). Todo isto dificulta realizar unha previsión sobre ambos impactos no futuro inmediato.

 A complexidade da estrutura da propriedade é un atranco que dificulta de forma significativa o incremento da SAU dunha explotación agraria para ser mais rendible.

# Bibliografía

Bouhier, A. 2001. Galicia: Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.

Cardesín, J.M. 1992. *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega*. Madrid: MAPA.

Carmona, X 1990. Merceros de Castilla: estacionalidad agrícola y desplazaminetos estacionales en la España Cantábrica. en Garcia, L. V., Gonzalez, R. Sierra, JM e Fuente R. Los espacios rurales Cantábricos y su evolución Santander: Universidad de Cantabria.

Collarte, A. 2004. La agricultura gallega y el acceso al crédito agrario oficial en el franquismo. *Estudios de Historia Agraria*, 17: 299-316.

De Castro, P. 2011. Hambre de tierras. Madrid. Eumedia.

IGE. 2012. Banco de datos municipais

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s5/notas\_prensa/com\_renda\_fogar\_m unicipal\_es.pdf

Iturra, R. 1988. *Antropología económica de la Galicia rural*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Lisón Tolosana, C. 1971. Antropología cultural de Galicia. Madrid: Akal.

López Iglesias, E. 2000. O sector agrario galego ás portas do século XXI: Balance das suas transformacións recentes. *Revista Galega de Economía*. 9(1): 167-196.

Mariño Ferro, X.R. 2000. Antropoloxía de Galicia. Vigo: Xerais.

Risco, V. 1939. Estudo etnográfico da terra de Melide. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

Méndez, L. 1988. *Cousas de mulleres: Campesinas, poder e vida cotidiana, (Lugo 1940-1980)*. Barcelona: Anthropos.

Sineiro García, F., López Iglesias, E., Lorenzana Fernández, R., Valdês Paços, B. 2007. El proceso de ajuste en la ganaderia bovina de la Cornisa Cantábrica. En E. Arnalte. *Políticas agrarias y ajuste estructural en la agricultura española.* Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

# Clasificación de los usos del suelo en una zona rural con datos lidar multitemporales

Sandra Buján<sup>17</sup>, Eduardo Corbelle y David Miranda

Laboratorio do Territorio (LaboraTe), Universidade de Santiago de Compostela

#### Resumen

A lo largo de la historia, la actividad humana ha ejercido una fuerte influencia sobre el territorio en el que se asienta, produciendo continuos cambios. Así el dinamismo del territorio constituye una de las principales dificultades que es necesario afrontar en aras de disponer de información actualizada que refleje la realidad del mismo. Buscando nuevas formas de obtener esta información de manera rápida y precisa y apoyándonos en las nuevas tecnologías de la información geográfica, en este trabajo se desarrollan y comparan dos métodos de clasificación de los usos del suelo empleando datos lidar multitemporales que difieren entre sí en la unidad básica de análisis (clasificación orientada a píxeles vs. orientada a objetos). De forma paralela, se ha estudiado cómo la densidad de puntos lidar influye en este proceso. En este sentido, la clasificación orientada a píxeles parece menos sensible a las variaciones de la densidad de puntos que la orientada a objetos, aunque con esta última se ha obtenido una precisión mayor. Finalmente, los resultados alcanzados ponen de manifiesto que lidar es una tecnología muy valiosa para la identificación de coberturas del suelo.

#### **Abstract**

Human activity has had a strong influence on the territory throughout history. This activity has changed in both the structure and pattern of the territory. This dynamism is one of the major handicaps to be addressed in order to have updated land information. This paper develops and compares two classification methods using multi-temporal lidar data that differ in the basic unit of analysis (pixel-based vs. object-based classification). In order to develop the analysis, we explored new ways to collect land information fast and accurately with the support of this geospatial technology. Also, the influence of density of lidar data has been examined. The results show that lidar technology is a source of valuable information for the representation of relief and the identification of land cover.

1

<sup>&</sup>lt;sup>17</sup>e-mail: sandra.bujan@usc.es

#### 1. Introducción

A lo largo de la historia la actividad humana ha transformado el territorio en el que se asienta, produciendo continuos cambios. Esta circunstancia es una de las mayores dificultades a la que nos tenemos que enfrentar a la hora de representar el medio, en particular para disponer de información actualizada que refleje la realidad. Esta información es básica para la planificación, el análisis de las condiciones en las que se encuentra el medio ambiente y para compatibilizar la conservación con el desarrollo social y económico.

En respuesta a esta demanda, en las últimas décadas hemos visto el nacimiento de tecnologías, como los sensores remotos, que han permitido incrementar la velocidad, eficiencia de costes y precisión en la obtención de información, y que han favorecido el desarrollo de productos cartográficos con resoluciones espaciales y precisiones inalcanzables hasta el momento (McRoberts y Tomppo, 2007). En este sentido, destaca el avance de la tecnología *laser scanning* (escáner láser), que se ha convertido en una tecnología básica para la identificación y representación con elevada precisión y resolución tanto del terreno como de los objetos ubicados sobre él.

Aunque en España están disponibles datos lidar y ortoimágenes de gran parte del territorio nacional, todavía no se ha aprovechado todo el potencial de estos datos, ya que algunas operaciones, como la identificación de coberturas y usos del suelo o la detección de cambios, siguen anclados en costosos y tediosos procesos manuales. Estas operaciones pueden ser desarrolladas parcial o totalmente de forma automática mediante la aplicación de métodos de clasificación de imágenes.

Tradicionalmente, la mayoría de los procesos de clasificación han sido realizados mediante métodos basados en píxeles (Zhang y Guindon, 2009). Muchos autores han aplicado estos métodos a imágenes de satélite o aéreas para detectar cambios de uso (Celik y Curtis, 2010) o para realizar mapas de cobertura del suelo (Tatem et al., 2001); pero han sido menos los que han empleado datos lidar (Gonçalves-Seco et al., 2008). Sin embargo, emplear estos métodos en zonas urbanas y rurales complejas presenta ciertas limitaciones debido a la existencia de píxeles mixtos, causados por la elevada diversidad en estos entornos; o bien a la similitud espectral entre diferentes coberturas urbanas, las cuales pueden inducir a interpretaciones erróneas (Myint et al., 2011).

Este problema se ha visto mitigado gracias a las imágenes con mayor resolución espacial, las cuales han incrementado el potencial para extraer mayor detalle (Dengsheng et al., 2010). Sin embargo, este mayor detalle sigue causando problemas en zonas urbanas debido a la existencia de pequeños objetos en espacios reducidos, imperceptibles con resoluciones

menores, pero que se traduce visualmente en ruido con una resolución mayor (Myint et al., 2011). Para identificar estos objetos se considera que deben estar compuestos como mínimo por cuatro unidades espaciales (Cowen et al., 1995). Por tanto, se recomienda que la resolución espacial de los datos sea como mínimo la mitad del tamaño del objeto más pequeño que se pretenda identificar.

Por otro lado, los avances en los sistemas de información geográfica han propiciado el empleo de métodos de clasificación basados en objetos. Mientras que en la clasificación basada en píxeles a cada píxel se le asigna una clase temática atendiendo a ciertos valores estadísticos, reflectancias, niveles digitales o valores de altura; en el caso de los métodos orientados a objetos, en primer lugar los píxeles con características similares se agrupan en segmentos (denominados también objetos) y posteriormente se asignan a una clase (Bernardini et al., 2010). Estos métodos han dejado de considerar únicamente la información espectral, o información contenida en cada píxel, y pasaron a tener en cuenta también la información espacial (textura y forma) y topológica, reduciendo de este modo la variación espectral local dentro de cada objeto. Un amplio grupo de investigadores han empleado con éxito estos métodos en entornos urbanos (Brennan y Webster, 2006), alcanzando un elevado grado de ajuste entre el resultado de la clasificación y la realidad.

En vista de lo anterior, otros autores han comparado los métodos basados en píxeles con los que se basan en objetos (Myint et al., 2011), decantándose la mayoría por estos últimos. Sin embargo, a pesar del empeño de muchos investigadores por obtener información actualizada y precisa de los entornos urbanos y rurales, aún son necesarios mayores esfuerzos y metodologías más eficientes en este sentido.

Teniendo en cuenta estos antecedentes, y con el propósito de ayudar tanto en la actualización de los datos geospaciales de ocupación del suelo como de identificar los cambios producidos por las actuaciones sobre el territorio, en este trabajo se comparará una clasificación basada en píxeles con una basada en objetos, empleando únicamente capas de información derivadas de datos lidar multitemporales. Finalmente, también se analizará la influencia que ejerce la densidad de puntos lidar en dicho proceso.

# 2. Área de estudio y datos

#### 2.1. Zona de estudio

El área de estudio se encuentra en Vilapena (43°N 25'W, 7° 10'W), municipio de Trabada, en la provincia de Lugo y su superficie es de aproximadamente de 0,5 km² (Figura 1). El municipio de Trabada se extiende desde una área de altas cumbres y profundos valles, desde el alto de Cerrochán (776 m), hasta la Ría de Ribadeo en la Ría de Abres. En la

zona se entremezclan zonas dedicadas a labradío, pequeños asentamientos de población y amplias áreas de plantación forestal, donde la principal especie es el *Eucalyptus globulus* labill. La gran variedad de usos del suelo en esta zona ha sido uno de los factores tenidos en cuenta en su selección.




Figura 1. Localización del área de estudio. Fuente: PNOA © Instituto Geográfico Nacional de España - Xunta de Galicia y SIOSE © Instituto Geográfico Nacional de España - Xunta de Galicia.

#### 2.2. Datos

A continuación se describen las características de los datos empleados en esta investigación, que fueron obtenidos tanto por medio de sensores remotos (activos y pasivos) como mediante técnicas de topografía clásica.

Datos lidar. Los datos lidar multitemporales fueron obtenidos con un

sensor Optech ALTM 2033 en noviembre de 2004 y un sensor Leica ALS50-II en octubre de 2010. La diferencia principal entre ambos sensores está en que el sensor Optech ALTM 2033 es capaz de registrar dos retornos para cada pulso, independientemente de las características de la cobertura del terreno. Sin embargo, el sensor Leica ALS50-II únicamente registra múltiples retornos (hasta 5) en aquellas áreas con superficies semi-permeables (fundamentalmente zonas forestales). Las características técnicas de los sensores empleados para la captura de datos lidar se describen en la Tabla 1.

Tabla 1. Características técnicas de los sensores láser.

	Datos lidar 1	Datos lidar 2
Fecha	Noviembre 2004	Octubre 2010
Sensor	Optech ALTM 2033	Leica ALS50-II
Frecuencia del pulso láser	33000 Hz	115700 Hz
Ángulo de escaneo	± 10°	± 12°
Frecuencia de escaneo	31 Hz	40 Hz
Divergencia del rayo	0,2 mrad	0,2 mrad
Longitud de onda	1064	1064
Solape	60%	min 30%
Número de pases	18	6
Densidad de puntos	4 pulsos m <sup>-2</sup>	4 pulsos m <sup>-2</sup>
Altura de vuelo	1070-1250 m	1900 m
Precisión planimétrica	≤ 0,60 m	$\leq$ 0,20 m
Precisión altimétrica	$\leq$ 0,15 m	$\leq$ 0,07 m

Ortoimágenes. Las ortofotografías empleadas en esta investigación fueron adquiridas al amparo del proyecto PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea), y fueron tomadas en 2005 y 2011 (Figura 2). Tienen una resolución espacial de 25 cm (escala de representación 1:2.500), una resolución radiométrica de 24 bits y se encuentran compuestas por tres bandas espectrales.




Figura 2. Imágenes aéreas de 2005 y 2011. Fuente: PNOA © Instituto Geográfico Nacional de España - Xunta de Galicia.

Datos de campo. Con el objeto de comprobar la precisión de los modelos digitales generados en este trabajo se han empleado 100 puntos de control<sup>18</sup>. Estos puntos han sido tomados en campo empleando métodos de topografía clásica. Para ello se ha empleado un GPS Trimble 5800 bifrecuencia con el cual se ha establecido una red microgeodésica en el área de estudio. Posteriormente, partiendo de las bases observadas, se realizaron múltiples itinerarios empleando una estación total Trimble 5603, de tal forma que fue posible obtener las coordenadas xyz de los puntos de control que posteriormente son empleados para validar altimétricamente los modelos.

-

<sup>&</sup>lt;sup>18</sup> Estos datos han sido tomados de la tesis doctoral de Luis Gonçalves Seco titulada *Automatización en la generación de modelos digitales de elevación, cubicación y combustibles, a partir de datos lidar*, y que fue presentada en 2007 en la Universidad de Santiago de Compostela.

# 3. Metodología

En este apartado se describen los procesos realizados para clasificar los usos del suelo en la zona de estudio. De forma paralela, se valora cómo la densidad de puntos lidar y la unidad mínima de análisis influyen en dicho proceso.

#### 3.1. Reducción de la densidad de puntos lidar

Para analizar la influencia de la densidad de puntos lidar en la calidad de los productos derivados de estos datos, como la imagen de intensidad o el modelo digital del terreno, y que afectan de forma indirecta a los resultados de los procesos en los que esta información es empleada (por ejemplo, las clasificaciones), es necesario disponer de datos con diferentes densidades de puntos. En este sentido resultan anecdóticos los casos en los que se encuentren disponibles datos lidar con distintas densidades de una misma zona. Sin embargo, existe la posibilidad de extraer nuevas nubes de puntos lidar con diferentes densidades a partir de una nube de puntos original con una densidad de puntos mayor.

Varios autores han desarrollado diferentes métodos para abordar este problema. Así. Andersen et al. (2005) desarrollaron un método de reducción aleatoria, donde un subconjunto de puntos es seleccionado de forma aleatoria. Sin embargo, este nuevo subconjunto no conserva el orden y regularidad de los datos originales. En un intento de mitigar estos problemas, otros autores (Buján et al., 2012; González-Ferreiro et al., 2012) modificaron el método anterior para que la reducción aleatoria se realizase por celdas, de tal forma que la superficie total ocupada por la nube de puntos lidar se divide en celdas cuadradas de 1 metro de lado, dentro de las cuales los puntos son seleccionados aleatoriamente. De esta forma la densidad se mantiene constante en todas las zonas. Hav otros métodos más complejos cuyos resultados se asemejan más a la realidad apoyándose en información adicional como la trayectoria de vuelo y el orden en que fueron registrados los puntos. Es el caso del método de reducción direccional (Magnusson et al., 2007), donde la reducción de la densidad de puntos se realiza guardando el orden y la regularidad de los datos originales.

En este caso, y con objeto de estudiar la influencia de la densidad de puntos en la metodología desarrollada, se ha optado por la aplicación del método de reducción aleatoria por celda. Si bien asumimos que el método de la reducción direccional es el más realista, no disponemos de los datos necesarios para su aplicación. Por tanto, de los métodos restantes, consideramos que el más adecuado es el método de reducción aleatoria por celda, puesto que evita que aparezcan zonas sin datos o con excesivo volumen de datos, como ocurre con el método de reducción aleatoria. Las características del método seleccionado han sido descritas en Buján et al. (2012).

Los datos lidar originales poseían una densidad de 4 pulsos×m<sup>-2</sup>. Esta densidad inicial se ha reducido de forma secuencial a 2, 1 y 0,5 pulsos×m<sup>-2</sup>, tanto en los datos de 2004 como en los de 2010.

#### 3.2. Normalización de la intensidad

La intensidad, vista como componente radiométrico de los datos lidar (Singh et al., 2010), es el cociente entre la cantidad de energía retrodispersada procedente de los objetos o del terreno que es captada por el sensor y la cantidad de energía total emitida (Song et al., 2002). Estos valores de intensidad no se ven afectados por las condiciones de iluminación, como pueden ser las sombras (Donoghue et al., 2007). Sin embargo otros factores como la orografía del terreno (Luzum et al., 2004), las características del vuelo y del sensor (Donoghue et al., 2007) o las condiciones atmosféricas (Luzum et al., 2004), sí ejercen cierta influencia sobre estos valores.

Debido al efecto de dichos factores sobre los valores de intensidad, muchos autores consideran necesario llevar a cabo un proceso de normalización. En algunos casos dicha normalización se realiza considerando el rango, el ángulo de incidencia y la atenuación atmosférica (Höfle y Pfeifer, 2007; Jutzi y Gross, 2010). Sin embargo, la aplicación de dicha corrección no siempre es posible, pues la información necesaria rara vez se encuentra disponible. Debido a esta limitación, otros autores (Donoghue et al., 2007; Mazzarini et al., 2007; García et al., 2010) se han decantado por llevar a cabo la normalización de los datos teniendo en cuenta un rango estándar, al no poseer el rango y ángulo de escaneo para cada punto lidar. De tal forma que los valores normalizados de la intensidad (I<sub>norm</sub>) se obtienen multiplicando el valor original de la intensidad (I) por el resultado del cociente entre el rango de cada punto al cuadrado (calculado como la diferencia entre la altitud media del vuelo y la altitud de cada punto - R) y el rango estándar al cuadrado (R<sub>s</sub>) [1].

$$I_{norm} = I * \frac{R^2}{R_s^2}$$
 [1]

No obstante, algunos autores como Hasegawa (2006), consideran que en ciertos casos está justificado no normalizar los datos puesto que la corrección de la intensidad por el rango no siempre es útil. En consonancia con esta visión, Holmgren y Persson (2004) emplearon valores de intensidad no corregidos para identificar diferentes especies arbóreas basándose en que el ángulo de escaneo era muy bajo (±20°); en que durante la adquisición de los datos el sensor había permanecido estable y en que el terreno presentaba una orografía poco accidentada. De forma alternativa, Song et al. (2002) aplicaron un filtro de mediana a la imagen de intensidad para reducir el efecto salt and pepper (sal y pimienta).

Teniendo en cuenta que no se disponía ni del rango ni del ángulo de escaneo para cada retorno, se ha optado por emplear el método descrito

en García et al. (2010) para normalizar la intensidad de cada punto. Los valores de intensidad calculados empleando este método son equivalentes a los valores de intensidad que deberían haberse registrado si el rango fuese el mismo para todos los puntos, eliminándose las variaciones producidas por el efecto *path length* (longitud del haz).

Finalmente, la imagen de intensidad normalizada ha sido generada empleando únicamente los puntos del primer retorno, con el fin de evitar el efecto de píxeles mixtos (mezcla de valores de intensidad de las copas de los árboles y el terreno) en zonas arboladas. El último paso ha consistido en aplicar un filtro de mediana con un tamaño de ventana de 3×3 m a esta imagen normalizada, para mitigar el ruido presente en la misma.

#### 3.3. Procesado de los datos lidar

Una vez reducida la densidad de puntos lidar y normalizados los valores de intensidad, se procedió a generar diversas capas de información con cada una de las cuatro densidades de puntos disponibles. En la Figura 3 se muestra de forma esquemática el proceso de obtención de dichas capas. En gris oscuro se indican las capas que sirven de datos de partida en el proceso de clasificación.




Figura 3. Esquema de obtención de las capas de información.

Los resultados del proceso de clasificación de las imágenes satelitales permiten verificar el avance de la industria camaronera, lo que ha dado lugar a un cambio significativo del manglar y de otros humedales, ocasionando la pérdida de gran parte de su cobertura a lo largo del tiempo (Tabla 3). La industria camaronera también se ha expandió sobre áreas declaradas como áreas protegidas (Tabla 4 y Figuras 5 y 6), ocasionando la destrucción de gran parte de los manglares y humedales, así como también la pérdida de hábitats de especies en peligro de extinción.

Tabla 8. Evolución de la cubierta por año/estación (manglar, camaronera)											
	Año	Área de manglar (ha)	Área de camaronera (ha)								
	1986	10.415	638								

 Año
 Area de manglar (ha)
 Area de camaronera (ha)

 1986
 10.415
 638


 1993
 12.693
 7.304

 1999
 5.833
 8.593

 2007 \*
 5.265
 11.717

 2011
 8.166
 9.277

<sup>\*</sup> Datos procedentes en exclusiva de imágenes de época húmeda.






Figura 5. Imagen Landsat (a) e imagen clasificada (b) de 2011.




Figura 6. Evolución del área ocupada por camaroneras.




Figura 7. Evolución del área ocupada por manglar.

1 0											
Año	Área de manglar (ha)	Área de camaronera (ha)									
1986	6.732	28									
1993	7.731	1.889									
1999	4.504	1.715									
2007*	4.386	3.661									
2011	5.926	2.248									

**Tabla 9**. Evolución anual de la cubierta (manglar, camaronera) en el área protegida.

El incremento de la superficie ocupada por camaroneras no sólo se produjo a costa de las áreas de manglar. Mientras que un 5,5% de la superficie de manglar en 1986 pasó a ser camaronera en 2011, la expansión de las camaroneras se produjo principalmente sobre las áreas de playón, ya que el 26,4% de la superficie de playón en 1986 pasa a ser camaronera en 2011. Al tratarse de humedales también son afectados por la destrucción mediante procesos de salinización. Una de las cubiertas que más superficie perdió en el período de análisis fueron los playones. Su disminución a lo largo del tiempo ha sido muy importante a pesar de que estos humedales forman parte del área protegida.

En la clasificación de 2007 hay una desviación en la tendencia con relación a los años anteriores. Esto se debe a que este año fue muy lluvioso, por lo que los resultados pueden estar influidos por las inundaciones provocadas por el fenómeno del Niño de ese año (Asociación de Organismos no Gubernamentales, 2009). Así se observa que en este período el área de camaroneras aumenta de manera significativa, provocando al mismo tiempo que el área de manglar disminuya. Esto lleva a pensar que en 2011 se produjo una recuperación de humedales, lo que en realidad no se estaba produciendo.

La Figura 7 muestra que la extensión de camaroneras en 1986 era muy baja, a pesar que las empresas camaroneras empezaron con sus explotaciones en los años 70. Conforme fue aumentando la demanda de camarón a nivel mundial, aquéllas se fueron expandiendo para abastecer los mercados, causando al mismo tiempo un gran impacto ambiental sobre los manglares y humedales.

Contrastando las Figuras 7 y 8 podemos observar que la expansión de las camaroneras se ha producido durante todo el período de análisis. Se puede observar cómo algunos manglares han disminuido su extensión así como otros humedales han desaparecido por completo, causando un gran impacto tanto social como ambiental a las poblaciones que se asientan o viven de estos sistemas productivos.

<sup>\*</sup> Datos procedentes en exclusiva de imágenes de época húmeda.




Figura 7. Clasificación de los usos del suelo en la época seca de 1986.




Figura 8. Clasificación de los usos del suelo en la época seca de 2011.

#### 4. Conclusiones

Los resultados de las imágenes clasificadas ilustran lo que ha estado sucediendo en el Golfo de Fonseca a lo largo de estos años: la expansión de las camaroneras ha destruido gran parte de los manglares y humedales del Municipio de Choluteca, Honduras, incluyendo espacios naturales protegidos. El área de camaroneras pasó de 638 ha (1,6% del área) en 1986 a 9.640 ha (23,5%) en 2011. El período en el que el área de manglar se vio más afectado por la industria camaronera fue entre 1993 y 1999 con un 6,2% de cambio de uso.

Gran parte de la superficie de manglar ha cambiado a playón durante el período de análisis. La superficie sobre la cual las camaroneras se han expandido son los playones, produciéndose un cambio de uso de uno a otro de 24.973 ha (61,0%) en 1986 a 14.172 ha (34,6%) en 2011. Esto hace pensar que la industria camaronera primero induce una transformación de los manglares a playones, y después a estanques de cría de camarón.

La extensión de manglar de las zonas declaradas como áreas protegidas pasó de 6.733 ha (34,5%) en 1986 a 5.926 ha (30,4%) en 2011, mientras que el área de las camaroneras pasó de 28,6 ha (0,1%) a 2.248 ha (11,5%), y el uso del suelo que más pérdida de superficie experimentó fue la de pastizal con un 10% de su superficie de 1986 a 2011.

# Bibliografía

Alonso-Perez, F., Ruiz-Luna, A., Turner, J., Berlanga-Robles, C.A., Mitchelson-Jacob, G. 2003. Land cover changes and impact of shrimp aquaculture on the landscape in the Ceuta coastal lagoon system, Sinaloa, Mexico. *Ocean & Coastal Management* 46: 583–600.

Asociación de Organismos no Gubernamentales. 2009. Estado y perspectiva de la gestión del riesgo en Honduras a diez años de Mitch. Recuperado el 15 de julio 2012. Disponible en: http://www.asonog.hn/2.%20Los%20programas/PARA%20WEB%20PGR/Otros/MITCH%20+10%20GESTION%20DE%20RIESGO%20HONDURAS.pdf

Berlanga-Robles, C.A., Ruiz-Luna, A., Bocco, G., Vekerdy, Z. 2011. Spatial analysis of the impact of shrimp culture on the coastal wetlands on the Northern coast of Sinaloa, Mexico. *Ocean & Coastal Management* 54: 535-543.

Bouman, C., Shapiro, M. 1994. A multiscale random field model for bayesian image segmentation, *IEEE Trans. on Image Processing* 3(2): 162-177.

Chuvieco, E. 2008. Teledetección ambiental. La observación de la Tierra desde el espacio. Barcelona: Ariel.

FAO. 1996. Informe nacional para la conferencia técnica internacional de la FAO sobre los recursos fitogenéticos. Depósito de documentos de la FAO. Recuperado el 20 de Mayo de 2012. Disponible en: http://www.fao.org/fileadmin/templates/agphome/documents/PGR/S oW1/americas/HONDURAS.pdf

FAO. 2000. *Cambios en la cobertura forestal, Honduras. Deposito de documentos de la FAO.* Recuperado el 10 de Mayo de 2012. Disponible en: http://www.fao.org/forestry/4050-0be67d19a4554efbd920f0fbc963d5801.pdf

FAO. 2005. Estudio de tendencias y perpectivas del sector forestal en América Latina documento de trabajo, Informe Nacional Honduras. Depósito de documentos de la FAO (en línea). Recuperado el 13 de Mayo de 2012. Disponible en: http://www.fao.org/docrep/007/j4456s/j4456s00.htm

GRASS Development Team. 2012. Geographic Resources Analysis Support System (GRASS) Software, Version 6.4.2. Open Source Geospatial Foundation. http://grass.osgeo.org

Riaño, D., Salas, J., Chuvieco, E. 2000. Corrección atmosférica y topográfica, información multitemporal y auxiliar aplicadas a la cartografía de modelos de combustibles con imágenes Landsat-TM. Asociación de Geógrafos Españoles. Recuperado el 1 de junio 2012. Disponible en:

http://age.ieg.csic.es/metodos/docs/IX\_2/Riano\_David.PDF

Schowengerdt, R.A. 2007. Remote sensing. Models and methods for image processing. Burlington: Academic Press.

# Escenarios de risco de inundación nas chairas do Río Sar en Bertamiráns

Alba M. Devesa<sup>34</sup> e Urbano Fra.Paleo

Laboratorio do Territorio (LaboraTe), Universidade de Santiago de Compostela

#### Resumo

A partires da década dos sesenta, Galicia experimentou un progresivo desenvolvemento urbanístico acompañado dun proceso de suburbanización, que se manifestou nunha expansión periférica dos principais núcleos urbanos. Debido á falta de ordenación e planificación adecuada do territorio os novos espazos periurbanos non tiveron en conta o medio no que se inseriron e os procesos ambientais que teñen lugar como o risco de inundacións fluviais, ocupando áreas como as chairas de inundación. Neste estudio analízanse os escenarios futuros de risco de inundacións en Bertamiráns, para valorar as opcións no deseño e implantación de políticas de ordenación territorial e urbana mais integradas no medio. Os resultados obtidos reflicten unha forte tendencia a seguir coa mesma traxectoria, sen opcións viables para un cambio de rumbo e diminución dos riscos asociados.

#### **Abstract**

Since the 1960s Galicia has experienced a sustained urbanization process, paired with increasing suburbanization, which implied an expansion of the urban peripheries. Due to the absence of appropriate planning processes, new urban areas have been built without considering the environmental conditions and the natural processes that take place, particularly in flooplains. This paper examines the future scenarios of flood risk in Bertamiráns, in order to explore the options for a more environmentally focused design and implementation of urban and regional planning policies. Results point to a durable trend to follow the same path, and to an absence of viable options for change and an improved reduction of associated risks.

# 1. Introdución

Na actualidade o territorio galego está estruturado en torno a sete núcleos urbanos principais –algunhas son áreas metropolitanas- e múltiples núcleos intermedios que organizan o espazo e acción humana. A partires de finais da década dos setenta o proceso de suburbanización en torno a estes núcleos empeza a manifestarse e xorden espazos periurbanos que se estenden ocupando áreas ambientais mais sensibles nas que teñen lugar

-

<sup>&</sup>lt;sup>34</sup> e-mail: albamaria.devesa@gmail.com

procesos de cambio brusco que afectan ao modo de vida dos habitantes, creando novas condicións de risco.

A cidade de Santiago de Compostela, con 95.207 habitantes en 2011 (IGE, 2012), estendeuse fundamentalmente polo sur e oeste da cidade, afectando a tres dos concellos limítrofes (Teo, Ames e Brión), ó amparo do menor valor do solo e da maior flexibilidade no planeamento urbanístico destes concellos con respecto ós da cidade. Pola súa parte, esta presión e expansión urbanística nos concellos veciños levou a un crecemento de núcleos periféricos como Bertamiráns, O Milladoiro, Os Tilos ou Cacheiras

Este estudio céntrase na análise da configuración dos escenarios futuros de risco no núcleo de Bertamiráns (Ames), risco derivado da súa localización nas beiras do río Sar, que está dando lugar a periódicas e frecuentes inundacións.

O concello de Ames ten un relevo irregular na metade setentrional, mentres que a parte meridional ten un relevo mais plano, formado polo val do río Sar que posteriormente se integra na depresión meridiana occidental. As pendentes inferiores ó 10% ocupan ó 39,8% do territorio municipal, e as inferiores ó 15% chegan a superar o 59%. Deste modo, o concello de Bertamiráns, particularmente na área meridional, ten unhas condicións físicas que favorecen as condicións de inundación.

Nos últimos anos o concello de Ames experimentou un incremento no número de habitantes, de modo que no período 1998-2007 foi o concello de Galicia que máis incrementou a súa poboación (73%) (IGE, 2007). Así, pasou de ter 16.549 habitantes en 2000 a 28.852 en 2011. A poboación concentrouse principalmente na área urbana do O Milladoiro (11.789 habitantes en 2011) e Bertamiráns (6.387 habitantes en 2011) cunha estrutura urbana dominada por áreas residenciais en vivendas unifamiliares, favorecida polos principais eixos de comunicación que atravesan o concello. Debido á falta dunha adecuada planificación do territorio, unha das urbanizacións de Bertamiráns, Val de Seara, situouse na chaira de inundación do río de modo que, de forma periódica, está exposta ao risco de inundacións tralas fortes precipitacións que se dan normalmente nos meses de inverno. Este proceso afecta igualmente á Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) que da servizo a Ames e Brión, así como ao núcleo urbano de Bertamiráns que se atopa nas marxes do Rego dos Pasos, do Rego de Ameneira e do Río Sar. As áreas urbanas máis afectadas son a rúa Entrerríos, a rúa Agrelo, a rúa Ameneiral, a Avenida da Mahía e a Agra da Condomiña, mais próximos á chaira de inundación do Río Sar.

Sen embargo isto non é exclusivo de Bertamiráns, posto que algúns núcleos nas concas dos ríos Sar e Ulla sofren periódicas inundacións, particularmente asociadas a períodos longos de abundante precipitación, e non tanto a períodos curtos de precipitación intensa. O risco de

inundacións resulta da combinación da perigosidade de que se produza unha inundación coa vulnerabilidade, cos elementos expostos ó perigo. Ao igual que do primeiro compoñente deben terse en conta variables como a probabilidade da ocorrencia da inundación, a duración, a frecuencia, a extensión e a altura alcanzada; do segundo deben terse en conta as características dos elementos vulnerables, como o tipo de edificación, o tipo de actividade económica e as características da poboación afectada. Xunto coa área urbana de Bertamiráns, a urbanización Val de Seara —cunha poboación de 213 habitantes- está localizada no curso baixo do río Sar, un área onde se recollen as augas de canles de orde inferior como Rego dos Pasos, Rego de Paramuiño e Rego de Ameneira.

Segundo indica o Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de inundacións en Galicia (Subdirección Xeral de Protección Civil, 2002), os tramos do río Sar que atravesan o concello de Ames teñen un risco alto e frecuente. Sen embargo houbo unha falta de consideración no planeamento da existencia de chairas naturais de inundación, así como dos valores ambientais asociados a estas áreas, poñendo tanto en risco a poboación como a conservación de valores naturais. O que está por coñecer é cal é a percepción e actitudes da poboación e dos principais actores respecto do risco de inundacións no concello de Bertamiráns e a súa influencia no proceso de urbanización.

#### 2. Obxectivos e metodoloxía

O principal obxectivo do presente traballo é a identificación dos escenarios de risco futuro de inundación fluvial nas chairas de inundación do río Sar ao seu paso por Bertamiráns, co propósito de definir estratexias para minimizar os riscos para a poboación e os bens nas zonas inundadas, e así facilitar a busca de solucións ó problema. Para iso é preciso analizar os intereses, a percepción, o coñecemento, as actitudes e as propostas de solución de tódolos axentes que teñen que ver co risco de inundacións en relación co planeamento dos usos do solo, o planeamento ambiental e a xestión do risco.

#### 2.1. Metodoloxía

A metodoloxía proposta combina dous tipos de análise: a análise de actores, para a comprensión dos factores que interveñen nos procesos de exposición ao perigo e de redución do risco, e a análise morfolóxica (AM) para a identificación dos escenarios de posible evolución da situación de risco.

A análise de actores é unha ferramenta que permite identificar ós axentes que están involucrados no problema segundo o seu interese, o nivel de afección ou a capacidade de influencia no mesmo. A análise realízase en tres fases: identificación dos principais axentes, realización de entrevistas

ós axentes para coñecer a percepción dos parámetros do problema, e identificación do seu papel no presente e nun futuro inmediato en función da súa influencia e interese no problema.

Para a identificación dos actores formuláronse unha serie de preguntas como: a quen acudiría para aprender máis do tema tratado?, quen define as regras do xogo?, quen ten un coñecemento particularmente importante e recursos en relación o tema?, quen ten relacións con outros actores en relación o tema? (Zimmermann e Maenling, 2007). As cales se poden sintetizar en dúas: quen pode producir algún cambio?, quen se pode ver afectado por algún cambio?

Unha vez identificados os axentes, procedeuse a entrevistar a aqueles que tiñan un maior interese e influencia no problema. Isto permite valorar e coñecer a perspectiva dos mesmos sobre os parámetros do problema. A liña argumental seguida nas entrevistas foi a seguinte:

- Tratar sobre os procesos de ordenación do territorio e o marco normativo existente, identificando a normativa mais destacada dos usos do solo, a súa aplicación, e as competencias que lle corresponden as administracións.
- Valorar como se orixinou o proceso de exposición, así como o papel que xogan as infraestruturas na exposición ao perigo.
- Valorar o proceso de conservación e protección da chaira de inundación.
- Identificar as accións de prevención e protección do curso fluvial, tanto antes como durante e despois de construír as infraestruturas.
- Valorar a vixiancia do cumprimento da normativa, das ilegalidades urbanísticas, e a aplicación de sancións.
- Identificar as opcións para o financiamento das accións para reducir o risco de inundacións especialmente nun momento de crise financeira e de recortes dos presupostos públicos, así como os efectos na execución das accións.

Unha vez identificados os axentes ou organismos, elaborouse unha matriz na que se recollen os principais atributos destes actores implicados, en función dos seus intereses (impacto e implicación) e segundo a posición e funcións das partes implicadas (lexitimidade, recursos/responsabilidades e relacións). Para a elaboración da matriz contouse coa participación dun grupo focal académico e interdisciplinario de sete participantes, que asignaron valores (Táboa 1) a cada axente.

**Táboa 1**. Niveis de interese e influencia dos actores.

Interese/Influencia								
Ningún	0							
Débil	1							
Medio	2							
Forte	3							

axentes ou organismos identificados inclúen institucións internacionais. administración xeral do estado. administración autonómica, organismos autónomos, administración local e sociedade civil. Unha vez asignados os valores a cada axente e variable obtense o mapa de axentes (Figura 1) representativo do seu interese nunha escala de 0 a 6 (impacto e implicación), e influencia nunha escala de 0 a 9 (lexitimidade, recursos/responsabilidades e relacións). No mapa son considerados axentes clave aqueles que posúen unha forte influencia en dúas ou máis variables clave (papel que desempeñan, así coma lexitimidade, recursos e relacións con outros axentes) que poden facilitar a resolución do problema existente.

A metodoloxía empregada para a identificación de escenarios futuros foi a análise morfolóxica, que permite examinar o conxunto de posibles relacións contidas nun problema de carácter multidimensional e cualitativo e identificar as solucións viables. A análise morfolóxica (AM) foi concebida por Fritz Zwicky para examinar os problemas complexos (wicked problems), con solucións difíciles, nos que a maioría dos factores involucrados son non cuantificables, pois teñen un forte compoñente socio-político e de auto-referencia entre os axentes. Nesta clase de problemas os métodos tradicionais cuantitativos e os modelos de causalidade e simulación son relativamente inútiles (Ritchey, 2010). Esta análise é adecuada para a construción de escenarios, para analizar as posibles combinacións de estados e diferentes dimensións dun problema. O método comeza por identificar as múltiples e principais dimensións do problema, ademais de tódolos posibles estados de cada unha das dimensións identificadas, seguido da análise das compatibilidades de tódalas posibles combinacións que se poden dar, e finalmente a estimación das probabilidades destas combinacións, que deben ser examinadas para caracterizar os escenarios máis plausibles (Nguyen y Dunn, 2009).

Os riscos naturais son problemas complexos ou perversos, moi similares ao ordenamento territorial, dado que tratan problemas que teñen un compoñente político, técnico e administrativo, social, ambiental e económico ao mesmo tempo. A meta é igualmente complexa dado que se plantexa o obxectivo de organizar, harmonizar e administrar a ocupación

e o uso do espazo, de modo que contribúa ó desenvolvemento humano sustentable, espacialmente harmónico e socialmente xusto. Isto pon de manifesto que no ordenamento territorial conflúen as políticas medioambientais, de desenvolvemento rexional e urbano, de xestión dos recursos, as políticas sociais; en ocasións difíciles de casar, e para o que non existe unha solución predefinida nin óptima, posto que teñen unha complexidade estrutural que da lugar a problemas metodolóxicos (Rittel and Webber, 1973).

A análise morfolóxica realizouse coa axuda do programa informático Scenario Analysis Tool Suite v.16 desenvolto pola Defence Science and Technology Organisation (DSTO) do Departamento de Defensa do Goberno de Australia. Este programa conta con dúas ferramentas para a análise, Morphological Analysis e Combined Approach (Dilek, 2009), que permiten realizar unha análise completa, incluíndo tódolos compoñentes fundamentais e tendo en conta as múltiples combinacións existentes, en superar a capacidade de análise do usuario (Nguyen e Dunn, 2009).

O proceso comeza por definir concretamente a hipótese, ou pregunta que recolla por completo o problema, neste caso a situación de risco dunha poboación, e que orientará todo o proceso a posteriori. A pregunta foi formulada da seguinte forma: son os procesos de suburbanización un factor agravante do risco de inundacións no municipio coruñés de Ames? A continuación elaborouse o espazo morfolóxico composto polas múltiples dimensións (parámetros que van influír no problema determinado) e os seus diferentes niveis (estados posibles de cada dimensión) (Táboa 2) que, unha vez combinados, darán lugar aos posibles escenarios.

Táboa 2. Dimensións e estados definidos na análise morfolóxica.

Dimensión	Estados					
	Cambios nos principais usos do solo					
	T1- O uso agrario mantense sen cambios					
Transformación dos usos do solo (T)	T2- O uso agrario transformase en uso					
1141101011114010114001400140010(1)	forestal					
	T3- O uso agrario abandonase por falta de					
	rendibilidade e transformase en solo urbano					
	Modificación do clima con respecto á recente					
	historia climática rexional					
	H1- Mantense o réxime xeral de					
Cambio climático (H)	temperaturas e precipitacións					
Cumbio cimiatico (11)	H2- Incremento leve da irregularidade nas					
	precipitacións					
	H3- Incremento da irregularidade e do					
	volume de precipitacións					

Variación cuantitativa ou cualitativa do dominio público hidráulico  P1- Redución do dominio público e zona de policía na conca fluvial  P2- Mantemento dos 100 metros (servidume de uso público e zona de policía) na conca fluvial  P3- Ampliación do dominio público e zona de policía na conca fluvial
Evolución do grao de relación, recursos/responsabilidades e lexitimidade tanto internamente como con outras administracións ou departamentos  C1- Nivel de coordinación decrecente  C2- Nivel de coordinación similar ao actual  C3- Nivel de coordinación mellor e mais eficiente
Cumprimento das responsabilidades e normas por parte das administracións  F1- Nivel de cumprimento menor que o actual  F2- Nivel de cumprimento similar ao actual  F3- Nivel de cumprimento mellor e mais eficiente
Grao en recibir, elaborar e interpretar a información provinte do entorno e dun mesmo por parte dos cidadáns  R1- Ausencia completa de percepción do risco  R2- Percepción leve do risco  R3- Percepción alta do risco
Cambios na demanda de solo para recreo D1- Diminución da demanda de solo D2- Mantemento da demanda actual de solo D3- Incremento da demanda de solo para recreo
Cambios na demanda de solo urbanizable M1- Diminución da demanda de solo M2- Mantemento da demanda actual de solo M3- Incremento da demanda de solo para urbanizar
Desenvolvemento de estruturas e infraestruturas públicas  II- Estancamento das infraestruturas públicas  I2- Renovación de infraestruturas públicas  I3- Construción de infraestruturas públicas
Patrón de desenvolvemento urbanístico  B1- Mantense o modelo disperso de asentamento da poboación  B2- O modelo tende a unha maior dispersión da poboación  B3- O modelo tende a unha concentración da poboación

A segunda fase da análise consistiu no combined approach, un exame da compatibilidade de que ocorran, nun mesmo momento, diferentes estados que poden presentar as dimensións a través do enfoque Battelle, reflectindo tódolos escenarios alternativos que poden ter lugar nunha mesma situación. Para isto analizouse a interdependencia entre estados, o que implica valorar e ter presente a información recollida tanto na bibliografía, como nas entrevistas. En primeiro lugar elaborouse unha matriz de pares, na cal se emparellan as configuracións que se utilizaron para a análise morfolóxica (dimensión e estados), e asignáronse valores entre 1 e 5 en función do grao de compatibilidade entre as dúas dimensións. O valor 5 na matriz representa unha gran compatibilidade entre estados (por exemplo as precipitacións torrenciais coa variación brusca do caudal fluvial, presentando un alto risco) e o valor 1 representa a incompatibilidade entre pares, indicando a incompatibilidade das dúas condicións (por exemplo as precipitacións torrenciais xunto coa variación inapreciable do nivel no caudal fluvial). Os valores 4, 3 e 2 representan unha compatibilidade decrecente, ou menor interdependencia, ao estar influídas pola presenza doutros factores. As combinacións con valor 1 foron eliminadas nas seguintes análises, para reducir os posibles escenarios e só limitarse aos máis plausibles (Nguyen e Dunn, 2009).

A continuación o número de escenarios volveu a reducirse mediante a aplicación de dous parámetros de exclusión, o número de pares cun valor de compatibilidade 2 que se quere eliminar, e o valor umbral da media da compatibilidade de escenarios. Cada escenario xerado ten unha probabilidade obtida polo método Bayesiano a partir do cal se realizou unha confirmación de escenarios compatibles. Por último, someteuse o conxunto final de escenarios a unha análise de conglomerados, que permitiu agrupar aos escenarios máis análogos entre si (Nguyen et al., 2008) en familias que comparten características comúns.

# 3. Resultados e discusión

#### 3.1. Análise de actores

Os axentes ou organismos con interese e influencia na xeración e redución do risco de inundacións en Bertamiráns van desde institucións internacionais, pasando pola administración xeral do estado, a administración autonómica, organismos autónomos, a administración local e a sociedade civil. Obsérvase que os que teñen un maior grao de interese e influencia no problema son os pertencentes ós grupos 1, 2, e 4 (Figura 1), ós que podemos considerar grupos clave. De modo que estes serán os protagonistas principais na segunda parte da identificación de axentes, que consiste na realización das entrevistas ós mesmos.

Táboa 3. Grupos de axentes clave en función do seu interese e influencia.

Comisión Europea

Dirección General de Medio Ambiente

Ministerio del Interior. Dirección General de la Guardia Civil Servicio de protección de la naturaleza (SEPRONA)

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Urbanismo Instituto Galego de vivenda e solo

#### Grupo 1

Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Servizos de Protección e análise de riscos, Planificación e Protección Civil Augas de Galicia

Administración Local

Consellería de Atención e Mediación Veciñal Protección Civil Empresarios da Construción

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental Secretaría Xeral de Sostibilidade e Paisaxe Conservación da Natureza

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente-> **Rede Natura 2000 > LIC** 

# Grupo 2

Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Subdirección Xeral de Ordenación, Inspección e Planificación Turística

Administración Local

Consellería Persoal, Reforma Administrativa, Servizos e Urbanismo

Sociedade Civil

# Grupo 4

Propietarios dos terreos vendidos e mercados Asociación de comerciantes de Bertamiráns Asociación de veciños de San Xoán de Ortoño e do Agro do Muiño




Figura 1. Mapa de axentes no escenario de risco.

Os grupos 3, 5, 6 e 7 representan a aqueles axentes que polo seu grao de interese e influencia non son tan significativos na resolución do problema. Sen embargo hai que ter en conta que o grupo 6 ten un alto grao de interese, posto que inclúe grupos con interese no respecto das zonas de policía e na conservación da calidade das augas e as marxes da conca fluvial en boas condicións; mentres que o grupo 3 presenta un alto grao de influencia, debido que inclúe á Consellería do Medio Rural e do Mar ademais da Concellería de Medio Ambiente, Desenvolvemento Sostible e Sanidade do Concello de Ames, dúas administracións con importantes responsabilidades na prevención de riscos e conservación do medio.

Os grupos clave identificados corresponden principalmente á administración, aínda que a sociedade civil xoga un papel moi importante. A complexidade do problema deriva precisamente da converxencia de múltiples competencias de distintos niveis de responsabilidades das administracións -catro se consideramos a Europea-, e de distintos departamentos, principalmente aqueles que teñen que ver coa protección civil, o planeamento urbanístico e a xestión

medioambiental. Son os axentes que poden influír no cambio das condicións de creación do risco. Tamén recoñece o papel dos cidadáns e do sector privado como axentes que dinamizan o mercado da vivenda e do solo, e a capacidade de influír nos decisores políticos. Trátase dos axentes que influén na creación do risco.

# 3.2. Resultado das entrevistas

# 3.2.1. Normativa vixente e plans

Un dos entrevistados considera que se produciu un desenvolvemento urbanístico adecuado en Bertamiráns nos últimos 20 anos, posto que o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ames de 2002 contemplaba a reserva de solo para un desenvolvemento urbanístico equilibrado, aínda que recoñece algunhas deficiencias por mor da rapidez coa que se tivo que desenvolver para responder á demanda de vivenda. Pola contra, outro entrevistado considera que en Ames houbo un desenvolvemento urbanístico no que primaron os intereses económicos sobre outros valores, destacando que antes de elaborar un PXOM a concellería responsable debería dar toda a información necesaria en relación coa ordenación e planificación do concello. Para mellorar o PXOM é necesario exercer control sobre os procesos especulativos do solo, de tal xeito que os concellos non utilicen as licencias como forma de recadación e fonte de ingresos, dado que iso incrementa o interese por urbanizar calquera clase de solo.

Respecto da normativa vixente e os plans que afectan ao curso do río Sar ao seu paso por Bertamiráns un entrevistado indica que aínda que o PXOM de Ames contempla a construción ata os límites do río, "se fixo unha obra hidráulica de importancia que foi durante moitos anos un exemplo", así como que, coa axuda da administración autonómica (Xunta de Galicia) se elaborou a ampliación da depuradora (dado que está por riba da capacidade financeira do concello) e a protección das zonas inundables.

A Directiva 2007/60/CE do 23 de outubro de 2007 fai referencia a avaliación e xestión do risco de inundacións. Unha das liñas de actuación destacables é o desenvolvemento de plans de emerxencia a través do Servizo de Protección Civil e a adopción dun sistema de seguros viable. Un dos entrevistados indica que a elaboración do Plan de Emerxencia Municipal (PEMU) está avanzando, actualmente en fase de alegacións, dado que o concello ten unha poboación elevada e non conta cun servizo de Protección Civil nin de Bombeiros, cando está obrigado por lei. Tamén considera que ata a actualidade estes servizos se compartían co concello limítrofe de Brión, pero que esta colaboración non continúa, aínda que contan co apoio dos servizos pertencentes ao concello de Santiago de Compostela. Outro entrevistado fai referencia a este problema indicando que non é suficiente con ter un PEMU, senón tamén

cun equipo municipal de profesionais que poida aplicar as directrices marcadas no plan, outorgando a responsabilidade á administración local e aos corpos de seguridade comarcais.

# 3.2.2. Espazos naturais protexidos e xestión de augas

Segundo un entrevistado, a xestión, protección e conservación dos espazos protexidos ten unha prioridade máxima, e informa de que a limpeza das marxes dos ríos, especificamente no LIC, por parte dunha brigada medioambiental, fíxose por primeira vez en 2010 despois de oito anos sen realizar ningún tipo de traballos de limpeza e mantemento. Con respecto á xestión compartida desta zona protexida (LIC) co concello limítrofe de Brión, indica que este concello "non se preocupa, non da sinais de nada", polo que se pode interpretar que non existe unha cooperación entre decisores políticos pertencentes a partidos políticos distintos, que se traduce nunha importante carencia na gobernanza horizontal dos problemas.

Un entrevistado observa que o problema da xestión e conservación dos ríos é competencia do organismo autónomo responsable (Augas de Galicia). Posto que os empregados públicos que desenvolven estas funcións teñen unha formación nas enxeñerías, dá lugar a que non se formulen obxectivos nos que prevaleza a conservación e protección da natureza e non se adopten proxectos de bioenxeñería. As solucións presentadas para minimizar o risco son de carácter case exclusivamente estruturais, como canalizar con mampostería de gavións e colocar un bypass no río, sen ter en conta que se presentara anteriormente unha proposta alternativa de bioenxeñería no marco do programa LIFE+, pola que se pretendía ampliar e naturalizar a zona de inundacións.

O risco de inundacións en Bertamiráns aumenta debido a que existe unha acumulación de sedimentos e lixo ao final do Rego dos Pasos, onde se xunta co río Sar, dando lugar a unha illa —ou tapón de sedimentos, lixo e maleza- que agrava a situación, xa que dificulta a circulación da auga, que en momentos de elevada precipitación favorece o desbordamento do río. Posto que ata 1991 Santiago de Compostela non contaba cunha EDAR, o río Sar arrastraba as augas residuais de Santiago sen tratar, o que daba lugar a un incremento do volume de lixo na zona de sedimentación.

O organismo autónomo Augas de Galicia é responsable da xestión dos ríos da cunca Galicia Costa, do coidado da calidade das augas e do mantemento dun réxime adecuado do caudal, do bo estado das súas marxes, e da xestión dos episodios extremos de inundacións e secas. Un entrevistado considera que este organismo cumpre coa normativa existente no seu ámbito de competencias, e que fomenta a participación pública a través da realización de mesas redondas, onde se informa e se ten en conta a opinión cidadá para a realización de determinadas obras

hidráulicas. Tamén fai referencia a que o problema da grave contaminación que sofren os ríos galegos é responsabilidade dos agricultores e gandeiros, indicando que estas actividades "no tienen ningún respeto por la naturaleza, vierten lo que les apetece en cualquier lugar, puesto que carecen de una cultura del agua". Este mesmo entrevistado comenta que está implantando o Plan Hidrolóxico de Galicia Costa (PHGC), no cal se fai un estudo das zonas con risco de inundacións, que se teñen en conta á hora de dar permisos para construír nas marxes dos ríos.

En relación aos proxectos urbanísticos nas chairas de inundación do río Sar ó seu paso por Bertamiráns, un entrevistado considera que, as competencias corresponden á administración autonómica e a Augas de Galicia, e que as solucións están en mans destes axentes.

# 3.2.3. Percepción do risco

Un entrevistado indica que no inverno de 2000-2001 Bertamiráns sufriu unhas inundacións importantes, durante as cales foron afectados a maioría dos comercios e vivendas que se atopaban preto do río. Recorda este momento da seguinte maneira: "non eramos conscientes do alto risco de inundacións que podíamos sufrir, posto que non pasaba tódolos anos", e considera que o perigo de inundación é debido a un rápido crecemento urbano impulsado pola especulación urbanística e sen unha planificación coherente.

Un entrevistado cre que hai un risco elevado de inundación, posto que varios edificios foron afectados case tódolos anos por inundacións. Indica que "sempre que chove inúndaseme a casa". En 2001 sufriu inundacións e múltiples perdas materiais. Isto deu lugar a querelas xudiciais contra o concello e á adopción de medidas como a adquisición de bombas de achique para facer fronte á inundación. O entrevistado indica que non coñece ningún tipo de protocolo de actuación, ademais de facer fincapé en que non se dispón dun servizo de protección civil, nin reserva financeira para paliar os danos, e que a única forma de mitigar as perdas é a través da contratación de seguros. Este entrevistado asegura que o problema deriva da mala planificación urbana, ante unha demanda de vivenda por parte de novos residentes, á que o concello respondeu autorizando a construción masiva e sen planificación adecuada, primando a recadación en lugar das consideracións ambientais, éticas, sociais e funcionais. Tamén apunta á responsabilidade compartida entre a administración local e autonómica dado que ambas teñen competencias na regulación.

Despois deste episodio de inundacións os empresarios demandaron unha resposta por parte do goberno local e reducir o risco. A solución adoitada en 2003 foi de tipo estrutural mediante a canalización do Rego do Rueiro pasando por Cantalarrana e desembocando na ponte da Condomiña.

Un entrevistado manifesta que a percepción do risco por parte dos veciños da urbanización Val de Seara é moi baixa, pois ata o de agora non sufriron ningunha inundación, pero asegura que cando se mudaron a esta zona deberon ser conscientes de que a área ao seu arredor se inunda moi a miúdo, polo que comezaron a preocuparse pola súa situación. Debido a isto foron a solicitar mais información ao concello, onde se lles informou sobre a situación de baixo risco da urbanización en función da diferenza de elevación respecto do río e do tipo de construción das vivendas. Sen embargo manifesta que non foron informados acerca de protocolos de actuación a seguir no caso de inundación.

A pesar disto a maioría dos entrevistados consideran que o concello non está preparado, pois tan só conta co servizo de Policía Local, que desenvolve tarefas de vixiancia e colaboración pero carece de medios para as funcións de protección civil. Isto foi ilustrado co exemplo das inundacións de 2000-2001 cando cada familia ou negocio afectado tivo que dispoñer dos seus propios medios para mitigar os danos ocasionados. Este entrevistado fai fincapé en que o concello de Ames non conta cun orzamento para a prevención de risco de inundacións e que o único que se fai é contratar unha brigada medioambiental durante tres meses para a protección de marxes fluviais e do espazo natural de Ames. Considera que isto só consegue modificar a percepción da capacidade de actuación local pero non son accións que minimicen o risco. Tamén considera a urbanización Val do Seara como un exemplo de especulación urbanística no concello e de conflito entre intereses privados e públicos.

A información e coñecemento recollido nas entrevistas reflicte unha visión contraditoria entre diferentes axentes entrevistados. As administracións apoian o modelo de planeamento urbanístico existente, das medidas de mitigación de risco propostas e das actuacións na xestión, protección e conservación dos espazos naturais protexidos. Sen embargo outros axentes clave da sociedade civil cren que non se están a tomar as decisións adecuadas, e que hai unha falta de resposta da administración local nos últimos anos ás demandas cidadás.

# 3.3. Análise morfolóxica

Na primeira fase da AM elaborouse unha táboa de dimensións e estados do risco de inundación en Bertamiráns (Táboa 4). Esta táboa é o resultado da formulación da pregunta clave para elaborar o espazo morfolóxico composto polas múltiples dimensións (parámetros que van influír no problema determinado) e os seus diferentes niveis (estados posibles de cada dimensión) que, unha vez combinados, darán lugar ós posibles escenarios.

**Táboa 4.** Matriz de pares segundo o grao de compatibilidade e probabilidades de ocorrencia de cada configuración.

	Tt	T2	T3:	H1	H2	H3	P1	P2	P3	C1	C2	C3	F1	F2	F3	R1	R2	R3	Di	D2	D3	M1	M2	M3	11	12	13	B1	82	B3
T1	$-\mathbf{d}$	1	- 1	-			7				-	. *	-	-	-	,					15	1				-		-	-	-
T2	-ĭ	- 1	- 5	- 1			4			-														1				-		
T3	-1	3	- 1	- 5						-											100			1						
H1	5	-5	2	7.	. 1	1				100			- 1									1.			-				7.7	
H2	3	5	2	-1	-,1	1										-													1	
H3	2	.5	2	-1	- 1	-1									-															
P1	4	.5	-5	-1	3	1	1	1.3	7																					
P2	5	5	4	-1	- 5	4	7	1.7	- 7						- 1						1. 1			1						
P3	- 4	- 5	-1	-1	- 4	3	· Y-	- 4	-17-					-	-	-	-	-		-	1	-		100	-		-			
CI	3	- 5	- 5	-1	-7	3	4	3	-3	- 7	-1	-1		-	-	-	-													
C2	- 4	5	- 5	-4	- 4	4	4	4	- 4	7	- 1	1																		
C3	5	-4	3	1	1	3	2	3	4	7	- 1	1												1						
F1	3	-5	-5	-4	- 4	3	- 4	- 3	3	- 5	3	2	- 1	-	.15	-								7						
F2	4	5	-5	4	4	- 4	- 4	- 4	- 4	- 4	- 5	3	-1	- 1	. 1	-					1									
F3	-5	3	3	-3	3	3	2	. 3	-4	3	- 3	- 5	-1	-1	-3						111			SHIP						
Rt	- 5	.5	-5	.5	- 5	1	. 3	4	. 5	- 4	- 3	4	4	4	2	. 1	. 1	-1												
R2	4	- 5	- 5	- 3	4	3	- 3	- 3	3	4	4	5	4	4	4	- 1	-11	-1												
R3	2	-5	5	3	3	5	3	2	2	4	3	5	3	3	- 4	1	-1	-1		-		-		2						
D1	- 5	5	- 5	3	3	3	2	3	4	3	3	3	2	2	3	- 3	3	-4	-5	1	- 5			-						
D2	4	-3	- 5	-3	- 3	3	4	-4	- 4	- 4	4	4	4	4	4	4	4	4	- 5	-1	. %	_		-						
D3	- 2	2	- 4	2	- 2	2	- 4	3	3	2	2	5	2	2	4	4	3	2	- 1	1	- 31			-	-	-		-		
Mi	5	5	4	3	- 3		2	3	-4	2	2	3	2	2	3	3	4	2	3	3	3	-30	-1	130	-					
M2	4	5	-1	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	5	-4	4	4	4	- 1	1.5	11						
M3	3	3	- 5	- 5	- 5	2	4	3	3	5	.5	3	4	4	3	-4	3	3	5	5	- 5	. 1	. 1	111						
1	2	-3	-4	4	4	3.	4	3	- 3	- 2	-3	- 5	3	- 3	4	- 4	-3	-2	3	3	- 5	- 3	- 3	- 4	- 1	41	41			
2	3	5	-3	-5	5	- 5	4	4	. 5	3	4	5	4	4	4	4	- 4	3	4	4	5	4	3	4	1	4	4		-	
3	2	3	4	4	4	3	4	3	4	- 2	3	5	3	3	4	-4	3	2	2	2	. 5	3	3	4	1	1	1			
B1	- 4	5	3	3	3	- 4	4	4	4	3	4	5	4	-4	- 4	-4	4	4	4	4	- 4	- 4	- 4	3	3	3	4	1	- 1	7
B2	4	3	1	3	3	4	4	3	3	3	3	3	3	3	2	3	3	2	2	2	2	- 3	3	- 2	3	2	3	-	-1	
	. 3.	4	5	4	4	2	-	3	4	5	4	3	~	-	- 2	5	4	4	3	4	5	2	2	4	3	2	4	-	-	_

#### PROBABILIDADES

A transformación dos usos do solo é unha dimensión moi importante dado que pode xerar cambios importantes na relación entre o perigo e vulnerabilidade e, por tanto, a exposición ao risco. O cambio climático é unha dimensión que ten en conta as evidencias e os modelos de cambio no réxime de precipitacións e temperaturas con respecto á recente historia climática rexional. A competencia do órgano regulador das concas fluviais, así como a coordinación e cumprimento das funcións das administracións son tamén dimensións clave. Esta dimensión ten unha importante compoñente de gobernanza, dado que as decisións acerca do uso dos recursos naturais e unha planificación e ordenación territorial adecuada poden ter un peso fundamental na redución do risco. A percepción do risco tamén é transcendental á hora de tomar decisións por parte dos cidadáns e dos responsables políticos, de modo que percibir ou non percibir o risco inflúe nas decisión individuais e colectivas. A demanda de solo público de recreo por parte da poboación, así como de solo urbanizable por parte de empresarios e promotores, xunto coa construción de infraestruturas asociadas son dimensións de control que poden ter en conta a compatibilidade de usos e a conservación de valores naturais na zona de estudo, a cal ten un forte compoñente natural. E, por último, a dimensión do planeamento urbanístico fai referencia á variación poboacional, e á inserción no espazo periurbano de Santiago, dependente da transformación dos usos do solo, da demanda de solo urbanizable, da demanda de infraestruturas e da evolución urbana de Santiago.

Isto permitiu construír o espazo morfolóxico do problema, completado co grao de compatibilidade entre os diferentes estados de cada unha das dimensións identificadas definido como a probabilidade de ocorrencia de dúas dimensións simultaneamente.

A continuación, filtráronse os escenarios por medio de dous umbrais: utilizando un número máximo de tres casos con valor 2 de compatibilidade por escenario, e un valor medio de 4,1 de compatibilidade mínima. Así mesmo decidiuse aplicar as dúas condicións de forma simultánea para lograr unha filtración máis restritiva. O proceso de filtración reduciu o número orixinal de posibles escenarios de risco -10.854- a 24, os cales foron reducidos de novo mediante a análise de conglomerados. Desta maneira obtivéronse 2 grupos de escenarios (Táboa 5). A elección do número baseouse en que obter un número maior suporía obter uns grupos —e escenarios- moi similares entre si e con baixa probabilidade. A opción de obter dous grupos permite identificar escenarios extremos, dos que un deles ten unha probabilidade de ocorrencia moi alta (84,8%).

Táboa 5. Grupos de posibles escenarios de risco.

Grupo	Escenario	Valor promedio de compatibilidade	Probabilidade (%)				
1	T2H2P3C2F2R1D2M3I2B1	4,123	84,8				
2	T2H2P3C2F2R1D2M2I2B3	4,17	15,2				

#### 3.4. Escenarios de risco

